

# PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



## TÍTULO I

### CAPITULO 3

O goberno do territorio e a participación







1.	A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL E SOCIAL NO PROCESO DE ELABORACIÓN DO POL.....	4
	1.1. Obxectivos do proceso de participación.....	4
	1.2. Exploracións participativas cos CONCELLOS .....	4
2.	CUESTIONARIO DELPHI .....	5
	2.1. Cuestionario DELPHI a Actores Institucionals e Socials. Diagnóstico percibido.....	5
	2.2. Sistema de Traballo para o desenvolvemento da enquisa a expertos co método Delphi sobre o POL de Galicia .....	6
	2.3. Cuestionario DELPHI .....	7
3.	ENQUISA PARTICIPATIVA PREVIA AO TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS CONCELLOS .....	34
	3.1. Introducción.....	34
	3.2. Deseño do cuestionario.....	34
	3.3. Proceso de recollida de información. ....	35
	3.4. Descrición de resultados .....	36
	3.5. Síntese .....	47
4.	TRÁMITE DE AUDIENCIA PREVIA Á APROBACIÓN INICIAL.....	48
	4.1. Introducción.....	48
	4.2. Análise dos datos recibidos.....	48
	4.3. Consultas e divulgación do POL .....	52
5.	PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS.....	56
	5.1. Contexto .....	56
	5.2. Resultado do proceso de participación pública e as consultas e a súa integración no Plan .....	56

## 1. A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL E SOCIAL NO PROCESO DE ELABORACIÓN DO POL

Definir un modelo territorial para o futuro do litoral de Galicia é sobre todo un proxecto colectivo de reflexión sobre un horizonte con independencia da conxuntura política e dos distintos ciclos económicos. Para isto cómpre traballar coa cidadanía nas distintas fases de elaboración do documento, tendo en conta que o POL non pode ser un simple instrumento técnico senón que debe e aspira a ser a manifestación da sociedade galega, un proxecto de gobernanza do territorio baseado na elección dun novo modelo territorial para Galicia.

O POL é, sobre todo, un conxunto de medidas para construír en harmonía unha sociedade cunha calidade de vida maior e máis respectuosa co seu contorno.

Isto é así tendo en conta que a responsabilidade última da xestión deste plan está compartida entre as administracións e a cidadanía. Xa sabemos que un Plan non é nada se non hai vontade de cumprilo.

Para que funcione de maneira efectiva o POL debe ser un “caderno de bitácora”, un auténtico plan de gobernanza. É dicir, unha referencia común, asumida democraticamente, sobre a que os actores públicos e privados desenvolvan as súas estratexias e proxectos.

Hase construír, polo tanto, a necesidade de promover a concertación entre as diversas instancias públicas e privadas que interveñen na configuración do territorio litoral de Galicia, un territorio no que conflúen de maneira simultánea todas as administracións (xeral do Estado, autonómicas e entidades que constitúen a Administración local), así como diversas institucións, propietarias do solo, promotores e empresarios.

Polo tanto o acordo e a cooperación son os únicos escenarios posibles para a consecución dun pacto polo territorio.

### 1.1. OBXECTIVOS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN

Este pacto polo territorio é o obxectivo do proceso de participación. Á tramitación ordinaria establecida na lexislación e descrita no Capítulo I deste título quíxose incorporar un proceso previo de participación institucional e social no proceso de elaboración do POL.

Por este motivo considerouse necesario incorporar ao proceso de elaboración diagnóstica e propositiva o contraste coa percepción da realidade e as estratexias dos actores.

Para iso, ademais da visita e entrevistas cos responsables e técnicos dos concellos incluídos no ámbito de estudo (exploracións participativas cos municipios), a solicitude de información e as consultas coas distintas Consellerías

e organismos do Estado con competencias no ámbito de estudo, realizouse un cuestionario aberto a unha serie de actores escollidos polo seu coñecemento e participación como axentes do territorio.

Estas accións e outras, que se levarán a cabo ao longo de todo o proceso de elaboración do POL perseguen:

- Coñecer e promover as estratexias e actividades relacionadas cos obxectivos do POL.
- Promover a sensibilidade ambiental e o compromiso social e institucional por un desenvolvemento sostible.
- Xerar o debate sobre a situación dos sectores económicos e os valores do territorio implicado.
- Comprometer o tecido social e empresarial no desenvolvemento do POL.
- Crear un ambiente de compromiso e cohesión co conxunto de organismos e institucións de carácter público e privado arredor do POL.

### 1.2. EXPLORACIÓNS PARTICIPATIVAS COS CONCELLOS

Para o correcto desenvolvemento dos traballos do POL e co obxectivo de asegurar que se comprenden os obxectivos perseguidos polas distintas administracións implicadas, realizáronse unha serie de reunións de coordinación cos axentes implicados, nas que se pretendeu detectar as cuestións máis importantes que o POL debe tratar para responder ás inquietudes por eles expostas.

Deste xeito realizáronse unha serie de entrevistas co seguinte contido:

- Recollida das necesidades de cada un dos municipios e a súa visión particular do modelo desexable de xestión do litoral.
- Recollida de suxestións sobre accións e estratexias concretas en cada termo municipal.
- Recollida das opinións e suxestións dos concellos en relación ás súas necesidades: o que esperan do POL, o que necesitan do POL.
- Recollida de información sobre os elementos valiosos desde o punto de vista do patrimonio natural e cultural de cada termo municipal.
- Infraestruturas e servizos con incidencia no ámbito de estudo.
- Plans, proxectos e estratexias en curso.

Este proceso completouse cunha resposta dos concellos, agora xa co modelo proposto polo POL durante o trámite de audiencia prevista para eles na lexislación de maneira previa á aprobación inicial do POL e púidose avaliar. Neste momento de maneira máis concreta si se viron satisfeitas as súas expectativas co obxectivo de conseguir o pretendido pacto por un novo modelo de planificación territorial, pasando así, da estridencia de múltiples melodías tocadas ao unísono a unha única, interpretada por varios axentes.



## 2. CUESTIONARIO DELPHI

### 2.1. CUESTIONARIO DELPHI A ACTORES INSTITUCIONAIS E SOCIAIS. DIAGNÓSTICO PERCIBIDO

Ao longo do proceso de análise da información territorial, afeccións, plans e proxectos susceptibles de incidir sobre o ámbito territorial do POL, realizouse unha Exploración participativa que permitise acceder ao diagnóstico percibido por parte dos actores institucionais e sociais.

A consideración do territorio como unha realidade en proceso permanente de cambio debido á incidencia da acción humana transformadora, conduce á necesidade de establecer unha correspondencia entre os planos de análise e da realidade urbanística. Esta última é pola súa parte froito das políticas e estratexias con incidencia territorial desenvolvida polas Administracións e actores económicos e sociais.

Por este motivo, pareceu necesario incorporar ao proceso de elaboración diagnóstica e propositiva o contraste coa percepción da realidade e estratexias dos diferentes actores cun dobre obxectivo:

- a. **Contrastar as dimensións estruturais e subxectivas da identidade territorial**, ampliando o obxecto das exploracións analíticas en función da percepción dos problemas e oportunidades por parte dos actores sociais.
- b. **Potenciar a través da participación da comunidade** a identificación dos problemas e formulación de estratexias, os patróns de identidade territorial e cohesión social derivada da conciencia de compartir un mesmo territorio.

Este cuestionario permitiranos obter información sobre a problemática detectada, as propostas de solución así como os axentes involucrados mediante a aproximación a estes desde as diferentes Administracións públicas, de maneira que nos permita obter unha visión global das necesidades do territorio e así axustar as propostas de ordenación do futuro POL de Galicia.

Neste sentido, esta metodoloxía expón, en primeira instancia, a presentación dun cuestionario DELPHI co obxectivo non só de conseguir información relevante, senón de intentar recoller as opinións, percepcións e criterios que sobre os déficits e potencialidades do territorio poidan ser achegados polos representantes institucionais e sociais municipais, provinciais ou rexionais e, en xeral, por todas as forzas vivas da comunidade interesada na planificación do territorio e o desenvolvemento rexional da área.

O método Delphi é un método xeral de prospectiva. O seu obxectivo é o de coñecer a contorna na que se vai desenvolver o plan con expresión das súas ameazas e oportunidades e a súa evolución de futuro.

Trátase, por tanto, de estudar este futuro no que se refire á evolución dos factores da contorna técnico-socio-económicos e as interaccións entre estes factores. Deste xeito as organizacións poden desenvolver os seus plans estratéxicos coa seguridade de que se van conseguir os obxectivos que a longo prazo estaban previstos.

Dentro dos métodos xerais de prospectiva, o método Delphi pertence aos denominados de grupo de expertos.

O método Delphi pretende extraer e maximizar as vantaxes que presentan os métodos baseados en grupos de expertos e minimizar os seus inconvenientes. Desta forma espérase obter un consenso o máis fiable posible do grupo de expertos.

Este método presenta tres características fundamentais:

- Anonimato: durante un Delphi, ningún experto coñece a identidade dos outros que compoñen o grupo de debate.
- Iteración e realimentación controlada: a iteración conséguese ao presentar varias veces o mesmo cuestionario. Como, ademais, se van presentando os resultados obtidos cos cuestionarios anteriores, conséguese que os expertos vaian coñecendo os distintos puntos de vista e poidan ir modificando a súa opinión se os argumentos presentados lles parecen máis apropiados que os seus.
- Resposta do grupo en forma estatística: a información que se presenta aos expertos non é só o punto de vista da maioría, senón que se presentan todas as opinións indicando o grao de acordo que se obtivo.

O cuestionario estrutúrase arredor das seguintes sete áreas temáticas principais:

- MODELO TERRITORIAL
- MEDIO NATURAL, SOSTIBILIDADE, PATRIMONIO CULTURAL E PAISAXE
- MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
- POBOACIÓN E ACTIVIDADE ECONÓMICA
- CALIDADE DE VIDA E USO PÚBLICO
- INFRAESTRUTURAS
- ENERXÍA

Para cada unha destas áreas desenvólvense unha serie de preguntas tanto abertas coma pechadas que permiten identificar as ideas predominantes tras a análise do grupo de entrevistados.



Illa de Arousa y archipiélago de Rúa y Os Guidoiros. Ría de Arousa

## 2.2. SISTEMA DE TRABAJO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ENQUISA A EXPERTOS CO MÉTODO DELPHI SOBRE O POL DE GALICIA

O Método Delphi é un proceso sistemático e interactivo encamiñado á obtención de opinións, e se é posible de consenso, dun grupo representativo de expertos.

O método DELPHI consiste na contrastación da opinión dun panel de expertos sobre un escenario caracterizado pola incerteza no que hai que tomar un conxunto de decisións sobre opcións de planificación, a través dun sistema de preguntas (cuestionario) definidas pola dirección técnica.

As preguntas propuxéronse mediante un cuestionario aberto que permite recoller literalmente a opinión manifestada, e foron respondidas individualmente por cada experto, que llas remitiu ao grupo coordinador.

Unha vez elaborado o cuestionario procedeuse a realizar unha serie de entrevistas persoais a cada un dos expertos para que emitisen as súas respostas permitindo así mesmo respondelas nun prazo suficiente por vía electrónica.

O grupo de expertos seleccionados respondeu a dous perfís:

- Especialistas: persoas con coñecementos e experiencia en procesos de planificación territorial, capacidade predictiva e obxectividade.
- Afectados: persoas que non se distinguen por ter un coñecemento superior ao normal na área de estudo pero cuxas actividades se verán afectadas polas decisións do POL.

A entrevista presentouse a unha mostra de 36 expertos, dos que 5 declinaron responder. Dos 31 restantes obtivéronse unha serie de respostas cuxo resultado se presenta a continuación.

A estratificación dos expertos enquisados respondeu a:

- Autoridades e representantes políticos locais, rexionais e outros representantes políticos, que en conxunto suman un total de 7 entrevistados, acadando o 20% da mostra.
- Representantes sociais, que como conxunto suman 24 entrevistados, e que supuxo o 80% dos enquisados, incluíndose entre estes:

### ESTRATIFICACIÓN DA MOSTRA

- |  |                 |
|--|-----------------|
| • AUTORIDADES E REPRESENTANTES POLÍTICOS   | <b>TOTAL 7</b>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Autoridades provinciais</li> <li>• Autoridades rexionais</li> <li>• Outros representantes políticos</li> </ul>  |                 |
| • REPRESENTANTES SOCIAIS   | <b>TOTAL 24</b> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empresarios industriais</li> <li>• Empresarios turísticos</li> <li>• Representantes do medio agrario</li> <li>• Sindicatos</li> <li>• Universidades e institucións</li> <li>• Organizacións sociais e ONG</li> <li>• Profesionais libres</li> <li>• Medios de comunicación</li> </ul> |                 |
| • TOTAL PANEL DE EXPERTOS  | <b>TOTAL 31</b> |



## 2.3. CUESTIONARIO DELPHI

A continuación expónse o cuestionario empregado para a análise DELPHI dirixido a identificar os elementos estruturantes da estratexia do POL de Galicia. As primeiras cuestións que aquí se propoñen teñen como obxectivo identificar aqueles elementos que, segundo a opinión dos expertos, deben ser tidas en conta na estratexia territorial do POL. A amplitude do ámbito de estudo, ao estenderse ao conxunto dos ámbitos afectados polas opcións a introducir no POL, sen dúbida de carácter multidimensional, requiren dun exercicio previo de enfoque ao que vai dirixido este cuestionario.

### 2.3.1. MODELO TERRITORIAL

#### 2.3.1.1 Vantaxes competitivas de Galicia.

Enumere as 5 zonas ou os elementos da súa provincia que presentan un maior nivel de excelencia, é dicir, aqueles espazos, actividades, potencialidades, fitos ou características que poidan considerarse como puntos fortes nos que apoiar o futuro desenvolvemento do territorio.

A partir das respostas analizadas pódense agrupar en tres grandes grupos de compoñentes ou elementos que han de contribuír a sustentar o modelo de desenvolvemento territorial. Estes son:

- A variedade paisaxística do territorio, conformado polas súas numerosas aldeas e rede de estradas e camiños, polo seu extenso e singular litoral, rías, vales fluviais interiores, espazos naturais, patrimonio histórico cultural (románico, Camiño de Santiago), clima, prezos competitivos, a riqueza gastronómica e a ausencia dun turismo masificado, constitúense como elementos clave para DIVERSIFICAR A ACTIVIDADE TURÍSTICA e O SECTOR TERCIARIO con potencial de desenvolvemento.
- A vocación produtiva do territorio, para a agricultura, as enerxías renovables (eólica), a pesca e o marisqueo, a acuicultura, a construción naval, a industria conserveira, a extracción de materias primas (minerais, recursos marítimos, forestais, gandeiros, enerxéticos, etc.), a industria téxtil, a vitivinícola, xunto coa súa posición estratéxica no Eixo Atlántico a nivel para o tránsito de mercadorías por vía marítima e terrestre e os polos de desenvolvemento industrial e investigación, han de contribuír a desenvolver a ECONOMÍA a pesar da perifricidade do territorio respecto a Madrid e o resto do país.
- As tres universidades galegas xunto co nivel cultural dos galegos e o seu carácter, resultado de ser un pobo emigrante e polo tanto aberto e tolerante, presentan unha serie de potencialidades en desenvolvemento SOCIOECONÓMICO.

Non obstante, cómpre destacar que se sinalaron importantes diferenzas estruturais e de desenvolvemento existentes entre interior e litoral galego, que han de resolverse para o desenvolvemento territorial conxunto.

2.3.1.2 Considera que a capacidade de acollida do territorio litoral de Galicia, tanto de actividades económicas, como de desenvolvementos urbanísticos, se encontra superada?

Actividades económicas

Si  Non

Desenvolvementos urbanísticos

Si  Non

O 87% dos entrevistados considera que a capacidade de acollida do territorio para as actividades económicas NON está superada mentres que tan só o 13% pensa que si está superada.

#### CAPACIDADE DE ACOLLIDA DO TERRITORIO SUPERADA EN CANTO A ACTIVIDADES ECONÓMICAS




En canto aos desenvolvementos urbanísticos, o 70% dos entrevistados considera que a capacidade de acollida do territorio para desenvolvementos residenciais tampouco está superada fronte a un 30% que considera que si está superada.

Das entrevistas advírtese certa preocupación en canto á masificación de certas áreas litorais e á necesidade dun maior control en ambos os casos.

#### CAPACIDADE DE ACOLLIDA DO TERRITORIO SUPERADA EN CANTO A DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS





### 2.3.1.3 Identifique as 5 principais ameazas que afectan ao litoral de Galicia.

Do total de respostas recibidas destaca unanimemente a preocupación polo desenvolvemento urbanístico incontrolado a nivel municipal, expresado a través de diversas acepcións como a deficiente regulación urbanística municipal, a improvisación dos proxectos, a ocupación descontrolada do territorio, a falta de coñecemento urbanístico, a ausencia de planeamento urbanístico municipal, urbanismo desenfreado, etc.

Outro dos temas máis preocupantes no litoral galego é a incapacidade da rede de saneamento e depuración, ben pola inexistencia desta ben polo infradimensionamento, o que comporta un aumento da contaminación das rías con consecuencias significativas sobre o medio natural e a actividade produtiva.

Demándase unha planificación de carácter supralocal, nalgúns casos para o litoral, noutros para toda Galicia, con obxecto de eliminar os desequilibrios existentes entre litoral e interior e de establecer unha planificación diferenciada por tramos do litoral en función das características particulares de cada un deles.

Outra ameaza sinalada é a ausencia ou escasa valoración do territorio e a falta de cultura ambiental, ecolóxica, da poboación galega sobre o seu territorio.

De seguido, aparecen como importantes ameazas os grandes proxectos de infraestruturas (estradas, portos pesqueiros, deportivos, paseos marítimos, etc.), que xunto cos desenvolvementos económicos e industriais provocan un importante aumento de consumo dos recursos naturais e un grande impacto paisaxístico.

Outras ameazas detectadas en menor medida son a perda de identidade do territorio, pola destrución de núcleos históricos e patrimonio arquitectónico en vilas costeiras e pola falta de criterios urbanísticos de integración das novas construcións ("feísmo").

A estacionalidade comporta a inadecuación dos equipamentos e servizos e a falta de emprego estable así como un desigual e ás veces insuficiente desenvolvemento hoteleiro, que se caracteriza pola súa baixa calidade.

A sobreexplotación de recursos marítimos preséntase como unha ameaza sobre o litoral aínda que en menor medida.

Menciónanse, así mesmo, a falta de articulación do litoral co resto do territorio, a falta de promoción e a falta de políticas de desenvolvemento rural dos espazos do litoral costeiro.

### 2.3.1.4 Cinco opcións estratéxicas de cara ao futuro: enumere nunhas liñas aqueles proxectos ou iniciativas que considere fundamentais para o futuro do litoral.

Como proxectos ou iniciativas estratéxicas de cara ao futuro desenvolvemento territorial do litoral galego destacan as seguintes:

- Aprobación de instrumentos de ordenación do territorio e adaptación do planeamento municipal a eles. Xestión integral e sostible do litoral.
- Desenvolvemento das estruturas de comunicación pendente (estradas, ferrocarril, portos, etc.) prestando atención á súa afección ambiental.
- Potenciar estratexias de desenvolvemento sostible e fomentar a protección dos espazos naturais.
- Diversificar a economía (agricultura ecolóxica, enerxías alternativas, marisqueo, acuicultura, pesca) e o turismo aproveitando e adaptándoo aos recursos existentes e fomentando un turismo de calidade.
- Aposta pola cultura, o patrimonio, o medio natural e a paisaxe.
- Axeitar a oferta residencial e de servizos á demanda existente.





Esteiro de Ramallosa. Ría de Vigo

- Axustar a protección de 500 metros costeiros e as actividades permitidas.
- Planificación a longo prazo.
- Integración de criterios paisaxísticos urbanísticos ( tipoloxía).
- Mellora da rede de saneamento integral.
- Frear o despoboamento, promovendo a economía local.
- Aumentar o nivel cultural dos galegos en relación coa defensa do territorio e os seus valores.
- Harmonizar litoral e interior.
- Racionalizar situación de infraestruturas.


#### 2.3.1.5 Propoñe 5 principios para desenvolver unha xestión sostible do territorio do litoral de Galicia.

- Planificar entre todos, con vistas a longo prazo, o litoral pero tendo en conta a súa relación co resto do territorio cunha normativa clara, flexible e adaptada ás singularidades do territorio, evitando o “feísmo” a través dun desenvolvemento normativo axeitado.
- Ocupación racional e ordenada do solo cunha planificación a longo prazo e coa participación dos municipios baixo unhas directrices xerais emanadas desde un organismo coordinador.
- Aumentar a participación da sociedade (cidadáns e axentes económicos e sociais) na toma de decisións e na xestión.
- Aumentar a cooperación e coordinación entre administracións. Planificación consensuada.
- Compatibilizar a protección dos espazos naturais e aqueles máis sensibles e o desenvolvemento económico a través de leis flexibles adaptadas á realidade e ás capacidades reais do territorio, fundamentadas nun coñecemento previo e exhaustivo do territorio.
- Apostar por alternativas de desenvolvemento económico sostible (extractiva, gandería, agricultura, turismo, industria, I+D+I, etc.) e diversas.
- Explotación sostible dos recursos mariños, naturais, agrarios, etc.
- Apostar por un urbanismo sostible e regulado por un ente supralocal tendo en conta que o litoral é a zona

de maior desenvolvemento.

- Potenciar as infraestruturas de comunicación e evitar desequilibrios interior/litoral e Galicia/Portugal/resto de España a través de portos, infraestruturas viarias e ferrocarrís cun desenvolvemento equilibrado sobre o territorio e minimizando o impacto destes.
- Evitar o desenvolvemento disperso dos grandes núcleos de poboación, tender cara á concentración da poboación e integrar os núcleos rurais tradicionais na ordenación territorial. Xestión integral do ciclo da auga: mellorar o sistema de saneamento e depuración do litoral.
- Apostar polas enerxías renovables e o medio natural.
- Impulso ás áreas protexidas mediante plans de xestión.
- Formar as persoas, sensibilizar e promover o litoral galego.
- Executar criterios urbanísticos acordes coa paisaxe (materiais, alturas, tipoloxías, etc.)
- Divulgar, comunicar o litoral galego ofertando a diversa oferta turística (sendeirismo, turismo rural, deportes náuticos, gastronomía, cultura, arquitectura, etc.)
- Evitar o modelo turístico de sol e praia, característico do mediterráneo e non axeitado ao litoral galego.





As Eiras. Ría de Vigo. Rías Baixas

### 2.3.2. MEDIO NATURAL, SOSTIBILIDADE, PATRIMONIO CULTURAL E PAISAXE

#### 2.3.2.1 Identifique os 5 elementos da paisaxe máis relevantes do litoral de Galicia.


Como elementos máis relevantes da paisaxe de Galicia os entrevistados destacan por riba de todos as rías galegas, tanto as do norte como as do sur, as praias (entre as que destaca o areal de Corrubedo, a praia da Lanzada, As Catedrais), as illas Atlánticas (polos seus valores naturais e paisaxísticos).

Destaca tamén a percepción do contacto entre o mar e a terra a través da liña de costa, diversa, abrupta nos cantís e suave na desembocadura dos ríos e praias), o contraste entre mar e o litoral marítimo coas actividades pesqueiras tradicionais, os portos e faros, fronte á orografía montañosa do interior, os campos verdes e as masas forestais que envolven as rías.

Outro dos aspectos valorados é o rico patrimonio histórico cultural, apreciable na rede de camiños, a arquitectura (igrexas románicas, faros, fábricas de salgadura), os materiais de construción, etc.

En menor medida aparecen sinalados espazos máis concretos da paisaxe litoral galega como poden ser as bateas de marisco, os sistemas dunares, a poboación, os fondos mariños, etc.





2.3.2.2 Identifique os 5 valores máis relevantes do patrimonio cultural do litoral de Galicia.

Entre os valores máis destacados do patrimonio cultural do litoral de Galicia destaca o patrimonio cultural legado da relación do home co medio, especialmente no que fai á actividade marítima, a través da arquitectura tradicional de vilas, portos, industrias (salgaduras, conserveiras, baleeiras), faros, embarcacións, gastronomía, etc.

De seguido valórase o patrimonio arquitectónico de tipo relixioso (igrexas, capelas, etc.), os monumentos megalíticos (castros, petróglifos, etc.), o defensivo, a rede de camiños e sendas, e o patrimonio intanxible caracterizado pola cultura, as tradicións, a música e danzas populares, etc.


2.3.2.3 Determine os 5 recursos naturais e ambientais máis sensibles no litoral de Galicia.

Detéctase unha clara preocupación polas praias e especialmente polos sistemas dunares do litoral. Como recursos naturais, a pesca e o marisqueo vense ameazados tanto pola calidade das augas como pola importación de especies foráneas.

A natureza predominante no litoral (bosques, sotobosques) aparece como un dos elementos máis ameazados. Tamén se mencionan os espazos protexidos pola Rede Natura, o que suxire unha necesidade de executar sistemas de xestión eficaz.

A mala calidade da auga é unha ameaza evidente que afecta esencialmente ás rías (consecuencia do deficiente sistema de saneamento), ao litoral (polos accidentes marítimos) e ao medio mariño, que ademais se ve ameazado por unha sobreexplotación dos seus recursos.

Ante esta pregunta sinálase a paisaxe en xeral como gran ameazada ben polo desenvolvemento de calquera actuación que poida orixinar un grande impacto paisaxístico, ben pola implantación e desenvolvemento de enerxías renovables.



### 2.3.2.4 Identifique as 5 ameazas máis importantes para a calidade da paisaxe do litoral de Galicia.

A principal ameaza para a paisaxe é o urbanismo descontrolado e disperso que está tendo lugar nos últimos anos sobre o litoral ao abeiro dunha ausencia de planificación a longo prazo, unha falta de cultura urbanística e medioambiental e baseada en modelos alleos ao territorio nos que predomina o “feísmo”.

O desenvolvemento de grandes infraestruturas (portos, paseos marítimos, recheos, etc.) destacan como outras das grandes ameazas do litoral.

Unha ameaza destacada é a dos incendios forestais, cuxo risco aumenta pola reforestación con eucaliptos de fácil combustión e polo abandono de actividades agrarias tradicionais que favorecen a aparición de matos.

Os parques eólicos tanto marítimos coma terrestres supoñen unha importante ameaza polo seu elevado impacto paisaxístico. Por último a falta de cultura territorial e ambiental detéctase como unha importante ameaza demandando actividades de formación e concienciación da poboación.

### 2.3.2.5 Identifique as 5 ameazas máis importantes dos elementos do patrimonio cultural do litoral de Galicia.


O patrimonio cultural do litoral galego vese ameazado en primeiro lugar polo urbanismo e o turismo tan intenso e descontrolado sobre a costa que non respecta nin o contorno tradicional onde se enmarcan os bens culturais nin as tipoloxías construtivas acordes co contorno.

Segue o abandono e falta de coidado dos bens, ben por desinterese da Administración, ben por falta de concienciación da poboación local e dos visitantes, ben por falta de medios que repercuten no patrimonio cultural, a súa conservación e a súa valorización.

O desenvolvemento de infraestruturas (estradas, portos, polígonos industriais, etc.) de maneira intensa sobre o territorio xunto co xa mencionado urbanismo ameazan o estado do patrimonio, o que demanda a catalogación deste e a elaboración dun Plan para a súa ordenación. Este desenvolvemento masivo do turismo contribuíu a unha masificación e banalización da cultura. Así mesmo, o envellecemento da poboación, a emigración cara a outras zonas e a falta de formación e concienciación está contribuíndo a un desarraigamento e progresiva perda das tradicións.

Este desenvolvemento trouxo consigo a importación de modelos alleos á tradición que xunto co tradicional “feísmo” galego contribuíu á banalización de espazos ameazando o patrimonio cultural.

Demándase unha catalogación de bens que permita a súa protección axeitada, non desde un punto de vista estritamente conservacionista senón vinculándoo a actividades de explotación sostible.



Esteiro da Ramallosa. Ría de Vigo. Rías Baixas

### 2.3.2.6 Identifique as 5 ameazas máis importantes para o equilibrio ambiental do litoral de Galicia.

Entre as ameazas máis importantes para o equilibrio ambiental destaca a ocupación insostible do territorio por parte de actividades residenciais, turísticas, infraestruturas e servizos, de maneira desordenada sen planificación e sen criterios de integración paisaxística nin ambiental, importando modelos externos que fomentan un turismo de masas.

Isto ten consecuencias sobre a dificultade de xestión dos residuos ao que se lle suma a importancia dos accidentes marítimos, a contaminación por verteduras e a deficiente xestión integral do ciclo da auga no litoral galego.

A falta de planificación a longo prazo maniféstase como unha ameaza sobre o equilibrio ambiental, xa que desta derívanse os grandes proxectos infraestruturais (estradas, portos) e urbanísticos, o que supón unha importante ameaza ao territorio pola ocupación de solo, o alto consumo de recursos e a modificación das dinámicas naturais (dinámica costeira, corredores ecolóxicos, etc.).

A falta de concienciación e cultura da poboación, o furtivismo e os incendios forestais motivados por unha inadecuada planificación forestal contribúen a agravar as ameazas sobre o medio natural.


A perda das actividades agrarias tradicionais polo envellecemento da poboación tamén se considera unha ameaza.





*Esteiro do Sor.  
Ria do Barqueiro.  
Rias Altas*





2.3.2.7 Identifique 5 políticas adecuadas para o mantemento dos valores ambientais do litoral de Galicia.

Ante esta pregunta os entrevistados deron múltiples respostas variadas, como se aprecia no seguinte gráfico. De entre todas as respostas destaca a necesidade de establecer unha ordenación estratéxica territorial para o litoral galego, diferenciada por zonas e vinculada ao resto do territorio galego. Este planeamento ha de ser consensuado e participativo, debendo o planeamento urbanístico axeitarse á planificación territorial. Este ha de ser ante todo respectuoso co medio e axeitado ás características particulares do territorio. Débense respectar os espazos naturais protexidos e planificar as grandes infraestruturas, estradas, áreas industriais, crecementos urbanísticos, etc., ao ser os grandes condicionantes do territorio. Débese xustificar a necesidade de calquera novo desenvolvemento.


É conveniente traballar desde a prevención (ante incendios forestais, catástrofes marítimas, urbanismo descontrolado, etc.). De todas as formas expónse como necesario establecer medidas de control urbanístico de carácter sancionador en caso necesario, así como derrubar aquelas construcións e desenvolvementos fóra da lei.

Débese formar e concienciar as persoas, todos os axentes involucrados na ordenación do territorio (administracións, empresarios, profesionais, do sector, escolares, etc.) para a súa implicación no desenvolvemento sostible do territorio.

Un aspecto clave demandado é a correcta planificación hidrolóxica do litoral mediante o desenvolvemento dunha rede de saneamento axeitada e con capacidade suficiente empregando as mellores técnicas dispoñibles para a depuración de verteduras evitando así a contaminación das rías. En materia de ambiente, destaca a preocupación pola xestión dos residuos e a potenciación de enerxías renovables.

Demándase tamén unha planificación axeitada de infraestruturas de mobilidade, que desconxestione o litoral e reequilibre os fluxos co resto do territorio. Exponse crear unha rede de mobilidade alternativa (peonil ou de bicicleta) ou de transporte público.

Sobre todo, de todas as respostas derívase unha preocupación pola consideración do territorio en calquera actuación e formulación política. A ollada debe facerse en función das características e recursos propios do territorio non importando modelos alleos con importantes consecuencias medioambientais.




2.3.2.8 Identifique os 5 problemas máis importantes en relación coas infraestruturas do ciclo da auga e a sostibilidade dos recursos hídricos do litoral de Galicia.

Como problema máis importante destaca a inadecuación da rede de saneamento á realidade territorial pola súa obsolescencia, dispersión da poboación, non adecuación da súa capacidade aos picos estivais así como á falta de sistemas de depuración axeitada para esta situación ben por insuficiencia no número de depuradoras, ben pola insuficiente capacidade de tratamento destas ou pola falta de mantemento técnico.

Como problemas derivados destes destacan a contaminación de rías e augas subterráneas, a non reutilización de augas ao non dispor de rede separativa.

Sínálase como non existe unha planificación hidrolóxica que teña en conta os recursos hídricos dispoñibles e o crecemento urbanístico. Expóñense unhas primeiras propostas como son a planificación hidrolóxica, o aproveitamento do resto de recursos hídricos, a adecuación da rede de saneamento e depuración e medidas indirectas como a prevención do cambio climático, dos incendios forestais, a preservación dos recursos naturais da auga (vexetación, cursos e leitos fluviais, etc.).






### 2.3.2.9 Propoñía 5 medidas para mellorar a xestión da auga no litoral de Galicia.

Esta pregunta vincúlase á anterior na que xa se bosquexaban algunhas das propostas. En xeral demándase unha axeitada planificación hidrolóxica, na actualidade inexistente, de ámbito supramunicipal. Acompañando a esta destaca a preocupación pola formación e concienciación da poboación en canto ao consumo e xestión dos residuos. Demándase terminar as redes de abastecemento, saneamento e depuración optando por solucións axeitadas para os núcleos dispersos como poden ser a instalación de sistemas de tratamento individual. Débese procurar unha xestión integral do ciclo da auga, preservando a naturalidade das súas fontes e a calidade das augas de vertedura.

Para o desenvolvemento e xestión dalas débese contar cos mellores desenvolvementos tecnolóxicos dispoñibles, contando para iso coa universidade, empresas e administración. Débense buscar novas fórmulas de financiamento e xestión, que poden ser a través de mancomunidades ou consorcios.

Así mesmo débese establecer unha regulación clara e un control de verteduras que impliquen sancións bonificando tamén aquelas empresas que certifiquen excelencia de xestión hídrica.



### 2.3.3. MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

2.3.3.1 Estableza 5 principios sobre os que se debería soste o modelo de desenvolvemento económico do litoral de Galicia a medio e longo prazo.

Ante esta pregunta, xorden diversas respostas dificilmente agrupables.

Como principios sobre os que apoiar o modelo de desenvolvemento económico menciónanse o principio de precaución e o de proximidade para a instalación e desenvolvemento de actividades económicas. Estes implican a redución do posible risco derivado da actuación ben mediante alternativas, medidas correctoras ao seu non desenvolvemento mentres non se asegure a minimización do risco. O principio de proximidade consiste en promover solucións baseadas na realidade local, dando respostas ás poboacións.

En xeral, as diversas respostas susténtanse todas nestes dous principios.

Demándase unha planificación xeral e integrada da actividade económica para o litoral na que participen todos os sectores involucrados.

Destacan a promoción do turismo de calidade fronte a modelos importados tipo sol e praia non acordes coa realidade territorial. Así mesmo, propónse a diversificación de actividades terciarias, asociadas ao turismo, valorizando os recursos naturais, culturais, o patrimonio, as tradicións, etc., buscando novos mercados de desenvolvemento. Así mesmo expónse a necesidade de promoción de actividades ligadas ao sector primario (pesca, agricultura, gandaría, enerxías renovables) de forma sostible e realizando medidas tecnolóxicas para o seu desenvolvemento.


Para todos os desenvolvementos esíxese a incorporación de medidas de integración paisaxística e preservación dos recursos naturais e ambientais.

E móstrase como un elemento clave o desenvolvemento das autoestradas do mar, a conexión de portos, autoestradas e ferrocarril para aproveitar a posición estratéxica do litoral galego no eixe atlántico.


En xeral apóstase por unha promoción e desenvolvemento dos sectores económicos actuais: acuicultura, marisqueo, explotación forestal, industria de transformación dos produtos do mar, conserveira, apoio ao sector primario, turismo de calidade baixo principios de sostibilidade, mellora tecnolóxica e diversificación tendo en conta a limitación dos recursos e a necesidade de evitar a concentración de actividades no litoral.




2.3.3.2 En relación co medio rural, que opcións consideraría interesante potenciar, co obxecto de impedir un posible abandono progresivo?




2.3.3.4 En relación co medio urbano, que opcións consideraría interesante potenciar, co obxecto de impedir un posible abandono progresivo?



2.3.3.3 En relación co desenvolvemento dos núcleos rurais, que opcións consideraría interesante potenciar, co obxecto de impedir un posible abandono progresivo?



2.3.3.5 En relación co espazo costeiro, que opcións consideraría interesante potenciar, co obxecto de impedir un posible abandono progresivo?







*Faro de Fisterra.  
Seo de Corcubión.  
Costa da Morte*




2.3.3.6 Propoña 5 principios sobre os que se debería basear o modelo turístico do litoral.

O modelo turístico do litoral galego debe basearse nunha diversificación da oferta potenciando recursos infrautilizados (balnearios, reconversión de conserveiras e baleeiras en centros culturais, fomento do deporte náutico, hípica, golf, turismo rural, cultural, gastronómico, etc.) sempre baixo principios de sostibilidade e tendo en conta o respecto cara aos espazos naturais e o patrimonio cultural.

Esta diversificación da oferta, xunto cunha aposta pola calidade e a excelencia turística, unha profesionalización do sector e unha maior promoción, diminuíría a estacionalidade.

Así mesmo hai que promover un turismo sostible, no que se evite a ocupación masiva do territorio para o que se propón fomentar o aluguer fronte á propiedade e establecer medidas de regulación eficaz.



2.3.3.7 Propoña 5 accións para a consecución dun modelo turístico para o litoral de Galicia baseado nos principios enunciados na pregunta anterior.

As accións sinaladas non difiren moito dos principios emanados das respostas anteriores. Danse diversas propostas todas elas encamiñadas á consecución dun modelo turístico sostible, asociado ás potencialidades e características propias do territorio. Exponse o fomento de modelos turísticos alternativos ao modelo de sol e praia para evitar a estacionalidade e potenciar os valores culturais, patrimoniais e naturais. Para iso requírese unha rede de oficinas turísticas, o deseño de itinerarios alternativos, a cualificación do sector.

Proponse o financiamento desde a Administración pública de actuacións turísticas sostibles que persigan os principios sinalados na anterior pregunta, así como a adecuación de infraestruturas e servizos, especialmente aqueles que sirvan para diversificar a oferta.

Demándase unha maior difusión e promoción da oferta turística en Galicia, a través de selos e marcas de calidade e a promoción en feiras nacionais e internacionais.




### 2.3.4. POBOACIÓN E ACTIVIDADE ECONÓMICA

2.3.4.1 Sinale os que ao seu xuízo son os 5 principais usos que sustentan a actividade económica do litoral de Galicia.

Do seguinte gráfico dedúcese que as actividades consideradas clave no sustento da economía do litoral galego son as asociadas ao recurso marítimo, a pesca, o marisqueo, a industria naval, a conserveira, o tráfico marítimo e a actividade náutica deportiva. Tras estas están as actividades terciarias asociadas principalmente aos núcleos urbanos como son os servizos, o comercio e a actividade urbanística.

Sinálanse ademais outros sectores económicos minoritarios que poden considerarse como alternativas que potenciar para diversificar a actividade económica especialmente como actividades complementarias ao turismo. Estas son a agricultura, a gandería, a viticultura e a acuicultura como sector produtivo alternativo.




2.3.4.2 En relación coa anterior pregunta, sinale os que ao seu xuízo poderían ser os principais problemas derivados deste proceso para a sostibilidade do litoral de Galicia.

O principal problema detectado é a sobreexplotación dos recursos naturais derivados da actividade pesqueira e de marisqueo e os derivados da urbanización excesiva e caótica como consecuencia do turismo que demanda segunda residencia, equipamentos e infraestruturas non planificadas.

O boom turístico comportou unha rebaixa da calidade dos servizos ofrecidos e especulacións de solo con consecuencias negativas sobre o territorio.

O resto dos problemas detectados son os habituais derivados de calquera desenvolvemento de actividade económica e que se resumen en impactos ambientais, abandono das actividades do sector primario polo envellecemento da poboación e menor rendibilidade.

Requírese unha visión do modelo económico a longo prazo e unha aposta pola diversificación e calidade dos servizos.








Quilmas.  
Costa do Pindo a Monte  
Louro





2.3.4.3 Sinale os que ao seu xuízo son os 5 principais activos (aínda que non estean explotados) da economía e a sociedade do litoral de Galicia.

Como principal activo do litoral galego menciónase a paisaxe como resultado do conxunto de actividades e elementos que teñen lugar no territorio, da interrelación home-medio, combinación praia, mar, cultura, natureza, gastronomía, tradición, que segundo deriva das respostas ofrecidas, considérase que non está ben explotado. Habería que darlle máis valor á singularidade da paisaxe do litoral, á súa formación histórica e á súa relación coa actividade produtiva e carácter dos galegos.

Os recursos produtivos do mar, a pesca e o marisqueo son os seguintes activos da economía do litoral, xunto coa actividade turística e as súas diversas formas e actividades potenciais, como a acuicultura.


Ademais do turismo clásico estival, entendido como praia e gastronomía, menciónanse diversas formas de turismo que parecen non estar aínda totalmente explotadas e que polo tanto presentan un importante potencial para diversificar a economía do litoral.

Entre elas menciónanse o resto de actividades relacionadas co mar de carácter non produtivo, como son as tradicións marifeiras, os deportes náuticos, a navegación, a pesca, etc.

Outros activos vinculados ao litoral son a navegación polas rías e a súa valorización como elementos ricos en biodiversidade natural, que poden chegar a converterse en reserva da biosfera, as rutas do interior por camiños históricos que achegan o visitante a coñecer unha Galicia aínda non suficientemente coñecida, na que se poden desenvolver actividades de lecer asociado ao turismo, como son a potenciación das actividades ligadas ao sector primario buscando outros nichos de mercado como a agricultura e gandería sostible, o agroturismo, etc.

Destaca tamén a aposta pola explotación das enerxías alternativas e a investigación en I+D+I desde as universidades. Isto vai vinculado ao potencial que ten o litoral galego polo dinamismo social, económico e universitario que presentan as súas principais cidades e o dinamismo empresarial tradicional de Galicia, acostumado á internacionalización.

O clima característico de Galicia é outro dos activos para destacar que habería que potenciar asociado á diversificación de actividades de lecer ligado ao turismo. Ademais da gastronomía, pódese asociar á tradición de balnearios, o turismo cultural, histórico, arqueolóxico, relixioso, etc.



2.3.4.4 En relación coa pregunta anterior propoña 5 accións dirixidas a potenciar a explotación e xestión sostible destes valores.

Existe unha gran diversidade de propostas como se mostra no gráfico que segue. Entre elas destacan a necesidade de establecer unha planificación flexible, de carácter territorial, acompañada de medidas económicas que permitan o desenvolvemento das liñas de actuación previstas así como de medidas coercitivas para o seu control. A planificación territorial debe requirir a adaptación da planificación urbanística ás directrices que emanen dela.

Ademais dunha planificación territorial que englobe o desenvolvemento territorial económico, social, de crecemento urbanístico, comunicacións, etc., deben desenvolverse plans estratéxicos de desenvolvemento económico, promoción turística, comunicación, etc. para os diversos sectores.

Na planificación deben participar todos os axentes involucrados (Administración pública, sector privado e poboación) nun proceso constante.

Reclámase unha diversificación da actividade económica asociada ao turismo mediante a potenciación de actividades como os balnearios, a astronomía, o deporte, a natureza, a gastronomía, as tradicións, etc., nun marco de turismo de calidade que conte cunha rede de servizos e información turística de apoio.

A externalización das actividades económicas do litoral débese facer a través do desenvolvemento e finalización das infraestruturas de comunicación (estradas e portos) e a través de plans de comercialización e promoción no exterior.


Un punto clave é a aposta que se debe facer pola formación superior, a profesionalización e a tecnificación, mediante a valorización dos recursos universitarios.

Débense potenciar a conservación e desenvolvemento sostible dos recursos primarios, apostar polas novas tecnoloxías na explotación de recursos enerxéticos alternativos, mellorar a calidade ambiental e analizar os recursos dispoñibles e infrautilizados a partir dun plan estratéxico.

Calquera tipo de Plan debe ir acompañado por medidas de vixilancia para o seu cumprimento, polo que a creación dun Observatorio do litoral exponse como unha alternativa factible.

Débese planificar desde un punto de vista global, non só para o litoral senón tendo en conta a relación deste co interior, para evitar desequilibrios.





### 2.3.5. CALIDADE DE VIDA E USO PÚBLICO

2.3.5.1 Considerando os problemas que percibiu e os beneficios que diso puidesen derivarse sinala as 5 accións que habería que incorporar para mellorar a calidade de vida dos concellos litorais


Como primeira acción sinalase a necesidade de planificación territorial e a limitación do crecemento urbanístico axeitando a planificación urbanística á territorial.

Requírese mellorar a comunicación e accesibilidade á área litoral terminando as infraestruturas proxectadas, e expoñendo unha rede de mobilidade alternativa que permita a mobilidade peonil e en transporte público ás diversas áreas do territorio.

Mellorar o abastecemento, saneamento, calidade e depuración das augas considérase prioritario, así como axeitar os servizos e dotacións á realidade social e territorial. Para iso hai que reequilibrar a distribución e adaptalos ás novas demandas (centros de saúde para a terceira idade, escolas infantís, etc.).

Cómpre fomentar o emprego e a actividade económica para evitar a despoboación especialmente en zonas rurais. Así mesmo hai que potenciar o sector primario, a agricultura e gandería sostible e as marcas de calidade diversificando así a economía baseada no turismo e nas actividades do mar.

Para conseguir a mellora do emprego hai que, como se repetiu anteriormente, diversificar os sectores económicos, investir en formación e investigación, apostar pola calidade e a tecnificación.



2.3.5.2 Propoñe as 5 principais actuacións sobre as que se debería incidir en relación con accións consideradas clave na pregunta anterior para favorecer un desenvolvemento equilibrado e sostible.


En liña coa pregunta anterior requírese un plan territorial para o litoral e unha adecuación do planeamento municipal a este. Para iso esíxese o desenvolvemento do planeamento xeral, xa que moi poucos municipios dispoñen del.

Mellorar a comunicación, a accesibilidade e promover transportes alternativos sostibles axeitados á dispersión territorial e á estacionalidade (aparcadoiro disuasorio, sendas de acceso ás praias).

Os servizos á poboación víranse mostrar como un elemento imprescindible para a calidade de vida, axeitando os servizos ás demandas reais da poboación, especialmente atendendo ás persoas maiores e nenos.

A conservación da paisaxe, dos recursos, a formación das persoas, o investimento en calidade e excelencia son aspectos clave para mellorar a calidade de vida do litoral.






2.3.5.3 Considera que o litoral de Galicia é un espazo suficientemente coñecido?

Si  Non

A maioría dos entrevistados (81%) consideran que o litoral galego non é suficientemente coñecido. Dentro desta percepción xeral hai algunhas matizacións. Hai aqueles que pensan que se coñece o sur do litoral e non o norte, aqueles que pensan que se coñece nacionalmente pero non internacionalmente, outros que non se coñece de maneira suficiente.

SI (19%)  
NON (81%)




2.3.5.4 Identifique os 5 principais problemas en relación co aproveitamento e uso lúdico do espazo litoral.

De entre as respostas recibidas destaca como principal problema a inadecuación das infraestruturas, servizos e espazos ao uso turístico cun marcado carácter estival. Isto supón un desequilibrio, unha masificación e unha sobreexplotación dos recursos. Polo tanto demándase unha planificación estratéxica para a súa solución.

Detéctase unha ausencia de diversificación na oferta turística non axeitada aos recursos e potencialidades do territorio.

Os concellos carecen de recursos suficientes e axeitados para atender esta sobredemanda. A masificación xera impactos sobre o medio e a paisaxe que hai que limitar coa planificación. A calidade da oferta baixa e prodúcese unha ocupación irracional do territorio que en moitos casos resulta incompatible cos usos tradicionais.



Ría de Muros e Noia. Rías Baixas

2.3.5.5 Propoña as 5 principais actuacións que deban desenvolver as Administracións públicas para resolver os problemas identificados na pregunta anterior.

A administración debe promover unha planificación territorial de carácter supramunicipal, viable, sostible e participada, no que se propoña unha ordenación de usos axeitada coa realidade territorial, unha regulación e un control destes. Para iso pódese executar un sistema de indicadores. Un aspecto importante é a ordenación axeitada das infraestruturas portuarias e a creación de servizos e infraestruturas para atender a demanda turística e á que os concellos non teñen capacidade de facer fronte.

A administración debe participar na promoción de actividades, na educación da poboación e na valorización das particularidades e singularidades do territorio que hai que preservar e polos que hai que apostar.



### 2.3.6. INFRAESTRUTURAS

#### 2.3.6.1 Considera que a accesibilidade do litoral de Galicia é suficiente?

Si  Non

A partir da resposta pódese deducir que a accesibilidade é un tema que se pode mellorar, detallándose as peculiaridades da rede actual e propostas a continuación.



#### 2.3.6.2 Identifique os 5 problemas máis importantes relativos á actual rede de camiños e estradas.

Debido á diversidade de respostas obtidas optouse por non incluír un gráfico. Das respostas ás entrevistas obtense información diversa e contraditoria en función desas respostas.

Hai opinións que demandan unha ampliación das vías de alta capacidade mentres que outros demandan a súa limitación polas consecuencias que ten sobre a masificación do litoral. Hai opinións acerca da necesidade de regulación das altas velocidades e outras do mal estado e trazado que impide correr máis.


Outros aspectos sinalados son a necesidade de finalizar as conexións coa meseta e con Portugal así como a Transcantábrica. Fomentar redes de transporte alternativo ao vehículo privado, ben sexa en tren ou mediante itinerarios de carácter local que permitan a mobilidade a pé, en bicicleta. Mellorar a rede de transporte público parece unha demanda xeneralizada, así como mellorar a calidade dos trazados, firmes e sinalización debido á alta frecuencia de accidentes. Xustifican esta situación pola gran cantidade de camiños existentes e os altos custos de mantemento.

Detéctanse desequilibrios na rede entre as distintas partes do territorio e falta de información sobre itinerarios. Parece necesario un Plan estratéxico de transportes, un estudo de mobilidade e que todas as solucións leven asociado o seu correspondente estudo de impacto ambiental e paisaxístico.

#### 2.3.6.3 Considera que a oferta de transporte público é suficiente para satisfacer a demanda actual?

Si  Non

Claramente existe unha demanda de mellora na rede de transporte público do litoral galego.




#### 2.3.6.4 Propoña 5 medidas para fomentar o uso do transporte público urbano e interurbano.

Ante o transporte público aparecen dúas principais respostas, o principal é mellorar a rede existente, a súa calidade, aumentando as frecuencias, os itinerarios, a cobertura, a calidade dos vehículos, a puntualidade. Demándase un transporte competitivo, moderno, seguro e eficaz que sexa máis atractivo que o transporte privado. Outra demanda é a de desenvolvemento da rede en zonas onde non existe o transporte público e a adecuación deste á actividade turística en épocas estivais.

Reclámase unha aposta polo tren de proximidades, recuperando o trazado do ferrocarril e interconectándoo con buses e outros transportes (peonil/ciclista) en intercambiadores destinados a eles que contén ademais con aparcadoiros disuasorios.

Demándase incentivar o uso do transporte público mediante o establecemento dun prezo único ou bonificacións en comercios e servizos. Así mesmo parece que a información sobre itinerarios e frecuencia non é a axeitada.







Costa das furnas.  
Ría de Corme e Laxe.  
Costa da Morte

1.3.09




2.3.6.5 Identifique os 5 problemas máis importantes en relación coas infraestruturas de abastecemento de auga e de saneamento.

O problema clave detectado é a insuficiencia e inadecuación da a rede de saneamento, problema derivado da propia distribución da poboación sobre o terreo de maneira dispersa e polo desenvolvemento de urbanizacións sen planificación previa. Esta situación, xunto coa obsolescencia e falta de capacidade das depuradoras en cidades e a numerosa presenza de fosas sépticas no ámbito rural está provocando graves problemas de contaminación de augas subterráneas e rías. A situación agrávase pola falta de control de verteduras.

O abastecemento tampouco parece estar asegurado, pola alta demanda estival e a menor captación. Parece necesaria unha planificación dos recursos hídricos e unha adecuación do planeamento urbanístico á dispoñibilidade destes.

Xunto coa mellora das infraestruturas hai que investir en concienciar a poboación acerca do consumo responsable e mellorar a capacidade de reutilización de augas mediante a realización de redes separativas. Hai que investir en tecnoloxía e en mantemento.



2.3.7. ENERXÍA

2.3.7.1 Identifique os 5 recursos enerxéticos máis valiosos do litoral de Galicia.



Claramente destaca o vento como recurso enerxético máis valioso, mencionado por un 99,5% dos entrevistados. Seguidamente aparece a enerxía mareomotriz, a procedente das ondas (undimotriz) e a das correntes, a do sol (xeralmente entendida a do sol como enerxía solar térmica e a terreo-fotovoltaica como exclusivamente fotovoltaica), a hidráulica para aproveitamentos dos recursos hídricos de rías e ríos e a procedente do importante volume de biomasa residual, tanto de orixe forestal como agrícola e pesqueira.

Nalgún caso engádense comentarios sobre a escasa capacidade técnica para o desenvolvemento de enerxías alternativas á solar e que o que se describan estes recursos de enerxía potencial non quere dicir que os entrevistados sexan partidarios da súa realización.

2.3.7.2 Considera interesante a implantación e o fomento das enerxías renovables como medida para limitar o uso de enerxías convencionais?

Si  Non

A pequena porcentaxe de entrevistados que considera que non se deberían fomentar o uso de enerxías renovables faíno en función do importante impacto paisaxístico dos aerogeneradores sobre unha paisaxe tan valiosa e singular como a do litoral.




2.3.7.3 Identifique os 5 problemas máis importantes en relación coa implantación de enerxías renovables no litoral de Galicia.

A concepción prioritaria acerca das enerxías renovables é a súa asociación á enerxía eólica. Só algúns dos entrevistados mencionan a necesidade de diversificar as enerxías alternativas. Desta percepción dedúcese o resto de respostas tales como a percepción do grave impacto sobre a paisaxe dos parques eólicos así como outros impactos sobre o medio natural polo impacto visual, sobre a fauna, o resto de actividades, a apertura de camiños e a afección sobre espazos naturais protexidos.

Destaca tamén a preocupación pola falta de repercusión de beneficios sociais sobre a poboación e as entidades locais afectados pola realización de parques, a falta de planificación destes e a sobreexplotación da enerxía eólica no referente á capacidade de almacenaxe e subministración á rede e a dispersión de parques sobre o territorio. Tamén cómpre mencionar a afección aos cambios de usos sobre o territorio condicionado por unha trama parcelaria característica de minifundio que perde a súa funcionalidade tras a implantación dos parques.

Determinábase como un problema a falta de coñecemento por parte da poboación das repercusións das enerxías renovables, polo que se demanda unha maior formación que repercuta nunha maior concienciación da poboación. Cuestiónase como un problema a falta de experiencia, e formación técnica en enerxías renovables da poboación galega polo que se debería investir neste sector de formación e desenvolvemento profesional, o que suporía un beneficio indirecto para a poboación local no que fai a aumento do coñecemento e capacidades profesionais.




2.3.7.4 Identifique as 5 accións máis importantes en relación á implantación de enerxías renovables no litoral de Galicia.

Das respostas recibidas, parece claro que se destaca a necesidade de que exista unha aposta rexional polas enerxías renovables a partir dun plan sectorial que contemple as diversas alternativas de enerxías renovables (eólica, solar, mareomotriz, fotovoltaica) e a súa situación nas áreas do territorio máis axeitadas, respectando os espazos protexidos. Demándase unha maior implicación política, unha lexislación clara acerca da situación e criterios construtivos, e sobre todo unha maior divulgación e formación da poboación dos condicionantes das enerxías renovables (beneficios/impactos/rendibilidade). Así mesmo demándase unha maior socialización dos beneficios, ou algún tipo de medida compensatoria para as persoas afectadas.

Parece evidente a necesidade de planificar en función da capacidade de almacenaxe e evacuación da enerxía á rede. É dicir, non sobredimensionar os parques, racionalizando o equilibrio entre produción e impacto.

Débase apostar polas enerxías renovables mediante a investigación (desde as universidades) e o apoio da administración e da empresa.





### 3. ENQUISA PARTICIPATIVA PREVIA AO TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS CONCELLOS

#### 3.1. INTRODUCCIÓN

O novo paradigma da sostibilidade aposta por un desenvolvemento económico equilibrado, por unha xestión responsable dos recursos naturais, pola protección do medio natural, por mellorar a calidade de vida da poboación proporcionando un servizo de infraestruturas básicas e pola integración do patrimonio cultural e natural.

Este paradigma ten moi presente a necesidade da utilización racional do territorio establecendo unha rede adecuada de infraestruturas e servizos que respondan ás rápidas transformacións que veñen producíndose nos últimos anos no territorio e ás demandas crecentes de planificación e regulación que garantan unha xestión do territorio sostible.

No desenvolvemento das políticas territoriais é preciso, cada vez máis, considerar os elementos e características propios de cada territorio como variables que articulan o modelo de desenvolvemento. Dende esta perspectiva, o territorio non se considera unicamente como un activo económico, senón que se percibe como unha realidade multidimensional de interacción do capital social, dos espazos naturais, da actividade económica, do patrimonio cultural, dos equipamentos e das infraestruturas, etc.

Todas estas dimensións configuran unha realidade concreta que precisa da participación activa dos axentes do territorio no deseño dun modelo territorial do espazo litoral galego. A participación cidadá é unha parte fundamental para calquera estratexia de desenvolvemento territorial, para calquera plan sectorial ou para calquera proxecto de desenvolvemento porque, a través da participación, a complexidade do territorio pode comprenderse con maior profundidade e desenvolver actuacións de forma consensuada.

O Plan de ordenación do litoral sinala nos seus obxectivos clave (indicados no capítulo anterior) unha serie de principios reitores que apostan pola participación:

- Unha sociedade aberta e democrática que garanta o dereito dos cidadáns ao acceso á información e á xustiza, desenvolvendo canles axeitadas de consulta e participación de todas as asociacións e partes interesadas.
- Impulsar a participación cidadá nos procesos de toma de decisións, aumentando a educación e a sensibilización da opinión pública en materia de desenvolvemento sostible, informando os cidadáns do impacto do seu xeito de vida no medio e das alternativas máis sostibles á súa disposición.
- Participación das empresas e dos interlocutores sociais mellorando o diálogo social, aumentando a responsabilidade social das empresas e fomentando as asociacións entre o sector público e privado para lograr unha maior cooperación e o establecemento de responsabilidades comúns para conseguir unha produción e consumo sostibles.

Co obxectivo de desenvolver estes principios dentro do Plan de ordenación do litoral deseñouse un proceso participativo que permitise elaborar un documento de consenso e participado para establecer normas xerais que desenvolvan a ordenación do litoral establecendo criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como unha normativa que garanta a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

Así, de xeito previo ao trámite de audiencia, enviouse aos concellos un cuestionario co obxectivo de recoller información e establecer un marco previo para a reflexión.

#### 3.2. DESEÑO DO CUESTIONARIO

Como instrumento básico confeccionouse un cuestionario con distintas epígrafes encamiñadas a coñecer a visión, percepción e suxestións que teñen os concellos en relación a diversos aspectos relacionados co Plan de ordenación do litoral.

Os obxectivos do cuestionario foron:

- Desenvolver unha ferramenta de análise que avalíe a percepción e opinión dos concellos do litoral sobre aspectos directamente relacionados con: as vantaxes competitivas da Comunidade Autónoma e dos concellos do litoral entrevistados, o planeamento vixente dos municipios, o seu patrimonio e turismo, as paisaxes e os proxectos e ámbitos degradados do espazo litoral.
- Obter información que permita coñecer as condicións que caracterizan os concellos e orientarse sobre cales poden ser as mellores estratexias á hora de executar actuacións de carácter sostible e de mellora ambiental dentro do Plan de Ordenación do Litoral.

O cuestionario artellouse en dous bloques temáticos, como son:

1. Aspectos relacionados coa Comunidade Autónoma.
2. Aspectos directamente relacionados co municipio:
  - Accións e estratexias concretas en cada termo municipal.
  - Elementos valiosos desde o punto de vista do patrimonio natural e cultural de cada termo municipal.
  - Infraestruturas e servizos con incidencia no ámbito de estudo.

##### 3.2.1. BLOQUE 1. Preguntas relacionadas coa imaxe da Comunidade Autónoma

Neste primeiro bloque integráronse tres preguntas abertas referidas a:

- **Vantaxes competitivas de Galicia.** Enumeración das zonas ou elementos da provincia que presenten un maior nivel de confianza ou excelencia, espazos, actividades, potencialidades, fitos ou características que poidan considerarse como puntos fortes nos que apoiar o futuro desenvolvemento do territorio.
- **Opcións estratéxicas de cara ao futuro.** Enumeración de proxectos ou iniciativas fundamentais para a comunidade.
- **Principais déficits e carencias** que se observan na comunidade nas que sexa preciso actuar.

Estas preguntas formuláronse en formato aberto. Cada un dos concellos tivo a posibilidade de sinalar ata cinco aspectos de cada unha das partes. Posteriormente estas preguntas recodificáronse en categorías representativas do conxunto de respostas.

Esta parte centrouse en coñecer a importancia de diversas variables relacionadas directamente coa potenciación do contexto rural, urbano e o espazo costeiro. O obxectivo destas preguntas foi determinar cales destas variables son de maior relevancia e deben considerarse con especial atención no deseño do Plan do Litoral. As variables tratadas foron as seguintes:

Turismo	Residencia	Enerxía	Marisqueo
Ocio	Actividade empresarial	I+D+i	Agricultura
Cultura	Comercio	Pesca	Gandaría

### 3.2.2. BLOQUE 2. Preguntas relacionadas co municipio

O obxectivo deste segundo bloque de preguntas foi coñecer a realidade particular de cada concello en relación ás seguintes variables:

- Como identificaría o seu municipio en relación co resto da comunidade autónoma?

Residencial	Rural	Turístico	De servizos	Productivo	Empresarial
-------------	-------	-----------	-------------	------------	-------------

- Que proxecto de municipio desexan para o futuro do seu concello?

Residencial	Rural	Turístico	De servizos	Productivo	Empresarial
-------------	-------	-----------	-------------	------------	-------------

- Que suxestións pode achegar para que dende o exterior se coñeza o seu municipio?

Mellora da rede de servizos	Mellora do tecido productivo
Mellora da accesibilidade	Innovación empresarial
Mellora da oferta turística	Investimento no medio rural

Na segunda parte deste bloque introducíronse dúas preguntas abertas encamiñadas a coñecer os retos e estratexias que cada municipio desenvolve ou prevé desenvolver nun futuro próximo. A pregunta distinguiu dous ámbitos de actuación para os proxectos sinalados: proxecto de ámbito local e proxecto de ámbito autonómico e estatal. Cada concello tivo a posibilidade de sinalar ata cinco proxectos en cada categoría que posteriormente foron recodificadas.

A continuación formuláronse dúas preguntas que tiñan como obxectivo coñecer as apostas de futuro e os sinais de identidade que caracterizan os municipios.

- Cales son as actividades económicas do seu municipio cuxo desenvolvemento considera conveniente potenciar de cara ao futuro?

Actividade agrícola e gandeira	Actividades culturais e de ocio
Actividade industrial	Tecido empresarial
Capacidade enerxéticas	Actividade económica pesqueiro-marítima
Actividade turística	Outras

- Especifique nas seguintes liñas e desde a visión municipal, cales son os sinais de identidade do municipio, que deben ser consideradas como referente esencial á hora da planificación do futuro municipal.

Elementos naturais	Elementos patrimoniais	Paisaxe	Escena urbana
--------------------	------------------------	---------	---------------

- Finalmente pediuse que cada concello identificase as vantaxes competitivas que cada municipio identifica no seu territorio
- Enumere as zonas ou elementos do municipio que presenten un maior nivel de excelencia, é dicir, aqueles espazos, actividades, potencialidades, fitos ou características que poidan considerarse como puntos fortes nos que apoiar o desenvolvemento do concello. Esta pregunta formulouse en formato aberto, tendo a posibilidade de identificar ata cinco aspectos distintos. Posteriormente a pregunta foi recodificada en categorías máis concretas que recolleron o conxunto de información.

### 3.3. PROCESO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.

A recollida de información iniciouse no mes de maio de 2009. Os cuestionarios foron enviados por correo aos 84 concellos que forman parte do ámbito litoral e prelitoral da costa de Galicia solicitando a maior axilidade na resposta das preguntas. Para responder ás dúbidas que puidesen xurdir nas respostas do cuestionario habilitouse un teléfono directo e un enderezo de correo electrónico. Posteriormente concertáronse visitas e entrevistas aos concellos para que o equipo técnico analizase cos responsables municipais os aspectos sinalados no cuestionario e coñecer en profundidade a realidade de cada concello.

Tras este proceso obtivéronse respostas dun total de 47 concellos; os datos obtidos depuráronse e procesáronse, obtendo información validada de 45 municipios; por último realizáronse as codificacións pertinentes.


A distribución das respostas recibidas foi desigual debido ao diferente número de concellos que se sitúan en cada territorio. Proporcionalmente a provincia con maior porcentaxe de participación foi Pontevedra, posto que preto do 76% dos concellos que forman parte do litoral pontevedrés axuntaron as respostas ao cuestionario.

Municipios da provincia da Coruña		
Ares	Culleredo	Narón
Bergondo	Dodro	Neda
Boiro	Dumbría	Oleiros
Cabanas	Fisterra	Ortigueira
Carballo	A Laracha	Ribeira
Cariño	Laxe	Sada
Carnota	Miño	Valdoviño
Coirós	Muxía	Oleiros

Municipios da provincia de Lugo		
Barreiros	Foz	Soutomaior

Municipios da provincia de Pontevedra		
Baiona	Nigrán	Soutomaior
Bueu	Oia	Tomiño
Cambados	Poio	Vigo
O Grove	Pontecesures	Vilaboa
A Illa de Arousa	Redondela	Vilagarcía de A.
Marín	O Rosal	Vilanova de A.
Moaña		





Unha vez efectuadas as visitas aos municipios para contrastar as informacións e as respostas recibidas, a reflexión que se establece respecto ao grado de participación parte dende distintas perspectivas. Por unha banda os municipios situados na provincia de Pontevedra caracterízanse por ter unha dependencia do sector turístico e residencial maior que outros espazos do territorio; neste senso o Plan de ordenación do litoral poderá ter maior impacto económico e social na súa realidade, polo que os concellos amosan unha maior sensibilidade con respecto ás decisións de planificación que dito documento poida establecer.

#### Distribución das enquisas recibidas

	A Coruña	Lugo	Pontevedra
Respostas recibidas	24	3	19
Total de concellos	47	10	27
% de resposta	48,94	25	76

Se prescindimos dos límites administrativos que marcan as provincias e os municipios, e atendendo aos sete tipos de costas que considera o Plan de ordenación do litoral, a participación configúrase dunha forma distinta. O motivo de establecer esta distinción é a de facer coincidir a clasificación coas sete grandes costas representativas do litoral galego que determina o POL baseándose en criterios xeomorfolóxicos.

#### Distribución das enquisas recibidas de cada costa

Costas	Municipios por costas	Cuestionarios recibidos	% de resposta
A Mariña lucense	6	2	33,3
Rías Altas	5	2	40,00
Golfo Ártabro	17	9	52,94
Arco Bergantiñán	7	3	42,86
Costa da Morte	10	7	70,00
Rías Baixas	35	19	54,29
Costa Sur	4	3	75,00

Aínda que non se contou coa colaboración de todos os concellos que forman parte do litoral, o total de respostas obtidas considérase suficientemente significativo como para poder establecer unha panorámica xeral de cales son as visións que os municipios teñen dos distintos aspectos considerados no cuestionario. Trátase fundamentalmente de establecer uns criterios que guíen as fases futuras do deseño do Plan de ordenación do litoral tendo en conta as debilidades e oportunidades que caracterizan o territorio.


### 3.4. DESCRIPCIÓN DE RESULTADOS

3.4.1. En relación á Comunidade Autónoma, solicítouse aos concellos información acerca da visión que teñen da realidade territorial galega.

3.4.1.1 **Vantaxes competitivas de Galicia.** Enumere as zonas ou elementos da súa provincia que representen un maior nivel de excelencia, é dicir, aqueles espazos, actividades, potencialidades, fitos ou características que poidan considerarse como puntos fortes nos que apoiar o futuro do desenvolvemento do territorio.

**Vantaxes competitivas de Galicia (%)**

Patrimonio cultural e etnográfico	17,07
Espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico	16,26
O litoral, as praias, as rías e ríos da costa galega	16,26
Turismo	15,45
Actividade pesqueira	11,38
Actividade agrícola e forestal	6,50
Actividade industrial	6,50
Infraestruturas (portos, aeroportos, estradas...)	6,50
Outros	4,07
<b>Total</b>	<b>100</b>



Do conxunto das respostas sinaladas, a vantaxe competitiva da comunidade máis sinalada foi a referida ao patrimonio cultural e etnográfico (17,07%). Esta categoría agrupa respostas que teñen como elementos comúns aspectos referidos ao patrimonio histórico, cultural, arquitectónico propio do territorio galego (festas, gastronomía, arqueoloxía, etc). Con porcentaxes similares (16,26%) atópanse os espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico e o litoral, as praias, as rías e ríos da costa galega. Nesta categoría inclúense respostas que fan referencia por un lado aos espazos naturais característicos do patrimonio natural e paisaxístico galego (parques naturais, paisaxes, lugares de singularidade e excelencia territorial) e por outro refírense á calidade e diversidade do espazo costeiro (situación estratéxica e calidade do litoral). O turismo aparece en cuarto lugar (15,45%) agrupando respostas que sinalan a potencialidade turística da comunidade relacionada coa cultura e a natureza.

O eixo central destas respostas indica que Galicia percíbese coma un enclave cun importante patrimonio natural, e cunha situación privilexiada no litoral que constitúe unha potencialidade importante respecto a outras comunidades autónomas e que ao mesmo tempo a converte nun referente da súa identidade e cultura. A paisaxe, entendida como a alma cultural dunha comunidade, como a maneira de percibir o patrimonio natural, construído e etnográfico constitúe sen dúbida ningunha, a xuízo dos concellos, o activo máis importante. É dicir, a paisaxe entendida como sinal de identidade e como recurso económico.

A análise dos datos dende a perspectiva poboacional permite afondar máis profundamente nas variables destacadas desta pregunta. A distribución poboacional dos concellos enquisados no POL é a seguinte:

**Distribución poboacional dos concellos enquisados (100%)**

Categorías de poboación	A Coruña	Lugo	Pontevedra
Concellos de menos de 4.000 habitantes	22	67	11
Concellos de entre 4.000 y 10.000 habitantes	43	33	21
Concellos de entre 10.000 e 25.000 habitantes	13	0	42
Concellos de máis de 25.000 habitantes	22	0	26
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Na provincia da Coruña o 43% dos concellos consultados teñen entre 4.000 e 10.000 habitantes; para o caso de Lugo, o 67% dos municipios son de menos de 4.000 habitantes. Pola contra, en Pontevedra predominan os municipios con maior número de poboación, pois case o 70% dos concellos enquisados teñen máis de 10.000 habitantes.

**Vantaxes competitivas e tamaño dos concellos (%)**

	Concellos de menos de 4.000 habitantes	Concellos de entre 4.000 e 10.000 habitantes	Concellos de entre 10.000 e 25.000 habitantes	Concellos de máis de 25.000 habitantes	Total
Turismo	15,79	52,63	15,79	15,79	100
Patrimonio cultural e etnográfico	9,52	38,1	33,33	19,05	100
Espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico	25	35	30	10	100
O litoral, as praias, as rías e ríos da costa galega	30	35	10	25	100
Actividade pesqueira	28,57	35,71	21,43	14,29	100
Actividade industrial	12,5	37,5	25	25	100
Actividade agrícola e forestal	12,5	50	25	12,5	100
Infraestruturas (portos, aeroportos, estradas...)	20	20	20	40	100
Outros	20	20	20	40	100



O **patrimonio cultural** e etnográfico, así como os espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico, son aspectos que figuran con importancia para os concellos medios, cunha especial prioridade para os concellos de entre 4.000 e 10.000 habitantes. Maníftase así unha sensibilidade especial por un modelo de municipio que preste atención a estes factores. Non obstante, aqueles concellos que ven como a maior vantaxe da comunidade o seu **interese natural** caracterízanse por ser municipios pequenos de menos de 4.000 habitantes.


O turismo, entendido como unha vantaxe competitiva, é prioritario nos municipios de entre 4.000 e 10.000 habitantes. Estes municipios atópanse nunha situación estratéxica pola súa poboación e o turismo pode ser unha alternativa que acompañe as súas potencialidades culturais e naturais

Cabe concluír que hai unha expectativa de futuro competitiva para os aspectos relacionados co patrimonio cultural, o turismo e a actividade industrial e pesqueira nos concellos medios.

3.4.1.2 Opcións estratéxicas de cara ao futuro: enumere nunhas liñas aqueles proxectos ou iniciativas que considere fundamentais para o futuro da nosa comunidade.

#### Opcións estratéxicas cara ao futuro (%)

Desenvolvemento de infraestruturas de mobilidade	<b>22,13</b>
Patrimonio etnográfico, cultural e natural (valorización)	<b>13,93</b>
Turismo	<b>12,30</b>
Fomento, transformación e comercialización do sector primario (agrícola, forestal, pesqueiro)	<b>12,30</b>
Financiamento europeo e I+D+I	<b>9,02</b>
Desenvolvemento de infraestruturas portuarias e náuticas	8,20
Actividade industrial (fomento da...)	7,38
Ordenación do territorio	7,38
Outros	4,07
Formación e capacitación da poboación	2,46
<b>Total</b>	<b>100</b>



No aspecto estratéxico, a distribución total do conxunto de respostas amosa que a opción estratéxica prioritaria é o desenvolvemento de infraestruturas de mobilidade (22,13%); nesta categoría integráronse respostas referidas a diversos aspectos relacionados coa mobilidade (mellora da rede viaria, comunicacións ferroviarias de alta velocidade...). No segundo lugar a categoría con maior porcentaxe é a valorización do patrimonio etnográfico, cultural e natural (13,6%); as respostas que se agrupan aquí relaciónanse con aspectos culturais, históricos e co patrimonio natural característico de Galicia. Coas mesmas porcentaxes (12%) atópanse o fomento, transformación e comercialización do sector primario e o turismo. Este último está caracterizado por un turismo que aposte pola calidade e os recursos naturais e paisaxísticos.

A distribución poboacional das opcións estratéxicas segundo o tamaño dos concellos reflicte que o desenvolvemento de infraestruturas está moito máis presente nos concellos de entre 4.000 e 10.000 habitantes, igual que o turismo e o fomento, transformación e comercialización do sector primario.

A segunda categoría máis sinalada, o patrimonio etnográfico, cultural e natural, aparece máis polarizada. Os concellos de entre 10.000 e 25.000 habitantes apostan de xeito importante por estas opcións estratéxicas e tamén o fan os municipios máis pequenos.

#### Opcións estratéxicas de cara ao futuro e tamaño dos municipios (%)


	Municipios de menos de 4.000 hab.	Municipios de entre 4.000 e 10.000 hab.	Municipios de entre 10.000 e 25.000 hab.	Municipios de máis de 25.000 hab.	Total
Turismo	26,67	66,65	0	6,67	100
Outros	33,33	0	33,33	33,33	100
Patrimonio etnográfico, cultural e natural (valorización)	30	20	45	5	100
Fomento, transformación e comercialización do sector privado agrícola	0	66,67	20	13,33	100
Actividade industrial (fomento da ...)	0	33,33	44,44	22,22	100
Desenvolvemento de infraestruturas portuarias e náuticas	22,22	44,44	11,11	22,22	100
Formación e capacitación da poboación	0	33,33	0	66,67	100
Desenvolvemento de infraestruturas (mobilidade)	14,81	40,48	22,22	22,22	100
Ordenación do territorio	22,22	33,33	33,33	11,12	100
Financiamento europeo e I+D+i	45,45	9,09	9,09	36,37	100

Conclúese que os municipios de entre 4000 e 10.000 habitantes son os que máis apostan polas variables sinaladas inicialmente coma opcións estratéxicas de cara ao futuro.

3.4.1.3 Sinala as principais carencias e déficits que observa na nosa Comunidade, nas que considere necesario actuar.

**Carencias e déficits (%)**

Déficit de infraestruturas de comunicacións	<b>22,94</b>
Déficit de equipamentos (saneamentos, abastecementos, socio-educativos)	<b>21,10</b>
Falta de competitividade, coordinación coa administración, I+D+I e formación	<b>20,18</b>
Falta dun modelo de ordenación territorial	12,84
Ausencia de promoción do patrimonio cultural, histórico e turístico	8,26
Falta de educación ambiental e de valorización e protección da natureza e da paisaxe	6,42
Envellecemento da poboación	5,50
Outros	2,75
<b>Total</b>	<b>100</b>



No referido ás principais carencias e déficits, identifícanse en primeiro lugar as infraestruturas de comunicacións (22.94%), entendidas estas coma os déficits, carencias, falta de aproveitamento ou mellora das infraestruturas de comunicacións, especialmente as infraestruturas relacionadas coas estradas e o ferrocarril. En segundo termo sinalase o déficit de equipamentos (21,10%), sobre todo os relacionados co abastecemento e saneamento. Destaca tamén a falta de competitividade, coordinación coa administración, I+D+I e formación con 20,18%. Esta é unha categoría ampla que recolle diversos aspectos relacionados co desenvolvemento e competitividade económica

relacionados coa promoción e mellora do emprego, a modernización e desenvolvemento do tecido industrial, a modernización da administración pública e o desenvolvemento das novas tecnoloxías en Galicia.

En relación á distribución poboacional dos municipios cabe destacar que na maioría das variables indicadas os municipios de entre 4.000 e 10.000 habitantes son os que maiores porcentaxes recollen. Cabe concluír como hipótese de partida que estes concellos se atopan nunha situación estratéxica de cara ao futuro e neste senso as carencias e déficits identificadas son elementos de que responden aos problemas e necesidades percibidos por estes concellos.

**Carencias e déficits e tamaño do municipios (%)**

	Municipios de menos de 4.000 hab.	Municipios de entre 4.000 e 10.000 hab.	Municipios de entre 10.000 e 25.000 hab.	Municipios de máis de 25.000 hab.	Total
Ausencia de promoción do patrimonio cultural, histórico e turístico	25	33,33	33,33	8,33	100
Déficit de infraestruturas de comunicacións e mobilidade	17,39	39,13	13,04	30,43	100
Déficit de equipamentos (saneamento, abastecemento, socio-educativos)	20,83	37,5	16,67	25	100
Falta de competitividade, coordinación coa administración, I+D+I e formación	15	30	25	30	100
Falta de educación ambiental e de valorización e protección da natureza e paisaxe	28,57	14,29	28,57	28,57	100
Falta dun modelo de ordenación territorial	18,18	54,55	18,18	9,09	100
Envellecemento da poboación	33,33	33,33	16,67	16,67	100
Outros	28,57	28,27	0	42,86	100

**TIPOLOXÍA DE COSTAS**

Atendendo á distribución dos datos pódese establecer unha análise para cada unha das costas que compoñen o litoral galego. Nas seguintes táboas podemos observar os resultados para as vantaxes competitivas, as opcións estratéxicas e as carencias e déficits da comunidade que definen cada unha das costas recollidas no Plan de ordenación do litoral.



**Distribución das vantaxes competitivas por tipoloxía de costa (%)**

	Mariña lucense	Rías Altas	Golfo Ártabro	Arco Bergantiñán	Costa da Morte	Rías Baixas	Costa Sur
Turismo	0	0	10,53	16,67	20	15,22	42,86
Patrimonio cultural e etnográfico	0	25	31,58	11,11	25	15,22	0
Espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico	66,67	25	26,32	38,89	10	15,22	0
O litoral, as praias, as rías e ríos da costa galega	16,67	0	0	11,11	15	15,22	14,29
Actividade pesqueira	16,67	0	0	11,11	15	15,22	14,29
Actividade agrícola e forestal	0	0	0	0	5	10,87	14,29
Infraestruturas (portos, aeroportos, estradas...)	0	25	15,79	5,56	10	8,7	14,29
Actividade industrial	0	0	5,26	0	0	2,17	0
Outros	0	25	10,53	5,56	0	2,17	0
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**Distribución de opcións estratéxicas por tipoloxía de costa (%)**

	Mariña lucense	Rías Altas	Golfo Ártabro	Arco Bergantiñán	Costa da Morte	Rías Baixas	Costa Sur
Turismo	33,33	0	20	14,29	25	0	28,57
Outros	33,33	0	4	0	0	2,22	0
Patrimonio etnográfico, cultural e natural (valorización)	0	0	12	7,14	18,75	20	14,29
Fomento, transformación e comercialización do sector primario (agrícola, forestal, pesqueiro).	0	33,33	4	28,57	12,5	11,11	14,29
Actividade industrial (fomento da...)	0	33,33	8	7,14	6,25	6,67	0
Desenvolvemento de infraestruturas portuarias e náuticas	0	0	12	14,29	0	11,11	0
Formación e capacitación da poboación	0	16,67	4	0	0	0	0
Desenvolvemento de infraestruturas (mobilidade, saneamento...)	16,67	16,67	12	28,57	12,5	33,33	14,29
Ordenación do territorio	16,67	0	20	0	0	4,44	14,29
Financiamento europeo e I+D+I	0	0	4	0	25	11,11	14,29
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**Carencias e déficits das comunidades por tipoloxía de costa (%)**

	Mariña lucense	Rías Altas	Golfo Ártabro	Arco Bergantiñán	Costa da Morte	Rías Baixas	Costa Sur
Ausencia de promoción do patrimonio cultural, histórico e turístico	25	0	12	15,38	6,67	7,89	20
Déficit de infraestruturas de comunicacións e mobilidade	25	37,5	20	23,08	33,33	23,68	0
Déficit de equipamentos (saneamentos, abastecemento, socio-educativos)	25	12,5	16	38,46	20	15,79	20
Falta de competitividade, coordinación coa administración, I+D+I e formación	0	50	16	7,69	13,33	23,68	20
Falta de educación ambiental e de valorización e protección da natureza e a paisaxe	0	0	4	0	6,67	10,53	20
Falta dun modelo de ordenación territorial	25	0	16	0	6,67	10,53	20
Envellecemento da poboación	0	0	8	7,69	6,67	5,26	0
Outros	0	0	8	7,69	6,67	2,63	0
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**A Mariña lucense** sinala como vantaxe os Espazos de interese natural e paisaxístico, pois contan cunha costa singular que alberga a praia das Catedrais, entre outros lugares de interese. Por outra banda perciben como opcións estratéxicas o turismo, o desenvolvemento de infraestruturas e a ordenación do territorio e presentan as carencias distribuídas entre as diversas variables.

**As Rías Altas** identifican varias vantaxes competitivas (Patrimonio cultural, Espazos de interese, Infraestruturas e outras). No que respecta ás opcións estratéxicas apostan polo sector primario e a actividade industrial. No referido ás carencias destacan a falta de competitividade e o déficit de infraestruturas.

**O Golfo Ártabro** presenta unha distribución bastante homoxénea das vantaxes, destacando levemente o Patrimonio cultural e etnográfico. No referido ás opcións estratéxicas non hai ningunha variable que destaque especialmente, aínda que as máis representativas son o turismo e a ordenación do territorio. Tampouco no que se refire ás carencias se atopan variables que destaquen sobre as outras.

**O Arco Bergantiñán** sinala os Espazos de interese natural, paisaxístico e xeomorfolóxico como a vantaxe prioritaria. As opcións estratéxicas máis destacadas son o fomento, transformación e comercialización do sector primario e o desenvolvemento de infraestruturas. As carencias céntranse fundamentalmente no déficit de equipamentos.

**A Costa da Morte** non destaca excepcionalmente en ningunha vantaxe; a porcentaxe máis salientable situaríase no Patrimonio Cultural e Etnográfico, probablemente debido a que é un destino de moitos peregrinos que chegan a Fisterra. As variables que destacan no ámbito das opcións estratéxicas son o turismo e o financiamento europeo e I+D+I. No referido ás carencias cabería salientarse o déficit de infraestruturas e o déficit de equipamentos.

**As Rías Baixas** non destacan porcentualmente ningunha vantaxe, os valores atópanse bastante repartidos. Destaca o desenvolvemento de infraestruturas de mobilidade como opcións estratéxicas e no que respecta ás carencias o máis destacado é o déficit de infraestruturas e equipamentos.

**A Costa Sur** destaca o turismo cunha porcentaxe salientable, que tamén se repite como opción estratéxica.

## CONCLUSIÓNS

A análise do conxunto das respostas configura unha visión da comunidade autónoma cunha serie de potencialidades manifestas que hai que desenvolver resolvendo certos aspectos estruturais.

Galicia ten unhas **vantaxes competitivas** centradas en dous aspectos fundamentais. Por unha banda o extraordinario patrimonio cultural e etnográfico que converte o seu territorio nun espazo singular, e por outra banda o extenso patrimonio natural e paisaxístico, especialmente as praias, ríos e rías situadas no litoral.

Estes dous aspectos están acompañados doutras variables que, en menor medida, son consideradas como elementos que gardan algunha vantaxe. Estaríase a falar das potencialidades da actividade pesqueira, agrícola e forestal e industrial. A situación xeográfica tamén é percibida como un elemento que pode ser, en certa medida, unha boa vantaxe competitiva.

Estas vantaxes teñen un reflexo nas **opcións estratéxicas** que identifican os municipios como elementos prioritarios para Galicia. O desenvolvemento de infraestruturas de mobilidade percíbese como un elemento fundamental, probablemente porque unha boa rede de comunicación é necesaria para xerar un desenvolvemento económico sólido. Aínda que as comunicacións aparecen en primeiro lugar, os aspectos sinalados como vantaxes competitivas reaparecen aquí como opcións estratéxicas. Isto reforza a hipótese de que o patrimonio natural e cultural é unha aposta forte de cara a desenvolver estratexias futuras en todos os ámbitos económicos. Tamén o é o fomento e transformación do sector primario, que segue a ser o fundamento de moitos dos concellos galegos; é percibido como unha opción con proxección de cara ao futuro. Estes dous aspectos terían que ser considerados en relación ao turismo, que aparece tamén como opción estratéxica de futuro.

O panorama proposto polas vantaxes e opcións estratéxicas sinaladas complementáanse coas **carencias e déficits** que identifican os concellos en Galicia. A ausencia dunha boa rede de comunicación, dun modelo de ordenación territorial, de distintos tipos de equipamentos básicos e da baixa competitividade configuran unha situación que precisa dende o punto de vista do Plan de ordenación do litoral facer unha reflexión que integre todos os aspectos mencionados (vantaxes, opcións e carencias) nun modelo que sexa aplicable á realidade.

Ademais a configuración poboacional dos concellos pon de manifesto que aqueles concellos que se atopan nas categorías de poboación medias teñen unha maior prioridade de sinalar moitas das variables porque se atopan nunha situación de elección de cara ao futuro; precisan de elementos que poidan explotar como vantaxes e opcións estratéxicas para poder configurar alternativas de futuro económico e social e consolidarse como un municipio con perspectivas de futuro.


### 3.4.1.4 En relación co mundo rural

Que opcións consideraría interesante potenciar, co obxectivo de impedir un posible abandono progresivo?

Entre as actividades que poderían frear o abandono progresivo do mundo rural destacan principalmente a potenciación do turismo (75%), a recuperación da agricultura (73%) e da gandería (66%). A residencia (53%) é unha opción cunha porcentaxe de resposta significativa. Tendo en conta este grupo de respostas cabe destacar que os puntos fortes que destacan preferentemente estarían relacionados coa recuperación da actividade económica tradicional. A potenciación do sector primario debería ligarse á innovación, á apertura de novos mercados e proxectos empresariais. Tal como reflicten as porcentaxes, a categoría de I+D+I (46,7%) e actividade empresarial (46,7%) poderían combinarse co desenvolvemento do turismo e a agricultura para potenciar os espazos rurais que teñen unha maior probabilidade de sufrir un abandono económico e social no futuro.

### Aspectos para potenciar no medio rural

Comercio	11,1%
Outras actividades	20,0%
Enerxía	28,9%
Cultura	35,6%
Ocio	46,7%
Actividade empresarial	46,7%
I+D+I	46,7%
Residencia	53,3%
Gandería	66,7%
Agricultura	73,3%
Turismo	75,6%



### 3.4.1.5 En relación ao mundo urbano


Que opcións consideraría interesante potenciar, co obxectivo de impedir un posible abandono progresivo?

En relación co mundo urbano, as alternativas para potenciar o desenvolvemento urbano céntranse fundamentalmente no sector servizos; o turismo figura como a opción prioritaria das respostas (64,4%), seguido do comercio (62,2%).

As porcentaxes de cada unha das actividades recollidas na táboa son bastante homoxéneas, situándose na súa maioría ao redor do 50%. Cómpre afirmar neste senso que, en contraposición ao espazo rural, no ámbito urbano cada unha das variables ten maior grao de potencialidade de desenvolvemento e, por si mesmas, teñen capacidade para converterse nunha opción de futuro para o escenario urbano.

### Aspectos para potenciar no medio urbano

Outras actividades	8,9%
Enerxía	22,2%
Ocio	46,7%
Residencia	46,7%
Cultura	53,3%
Actividade empresarial	53,3%
I+D+I	53,3%
Comercio	62,2%
Turismo	64,4%





### 3.4.1.6 En relación co espazo costeiro


Que opcións consideraría interesante potenciar, co obxectivo de impedir un posible abandono progresivo?

As opcións para potenciar no espazo costeiro gardan certa similitude co espazo rural. O turismo (77,8%) e o ocio (71,1%) son as opcións máis destacadas, seguidas pola pesca (68,9%) e o marisqueo (59,6%). Os eixos estratéxicos que vertebran estas respostas amosan que as alternativas se encamiñan á potenciación do sector servizos e, en menor medida, á recuperación do sector primario.

Os datos confrontan dúas visións contrapostas, por unha banda o espazo costeiro ten unha potencialidade para o desenvolvemento do turismo e o ocio, pero tamén hai unha aposta pola potenciación do sector primario, fundamentalmente a pesca e o marisqueo.

#### Aspectos para potenciar no espazo costeiro

Gandaría	8,9%
Outras actividades	11,1%
Cultura	22,2%
Agricultura	24,4%
Enerxía	24,4%
Comercio	31,1%
Actividade cultural	33,3%
Residencia	40,0%
I+D+I	44,4%
Marisqueo	44,4%
Pesca	68,9%
Ocio	71,1%
Turismo	77,8%



### 3.4.1.7 Conclusións

En relación ás preguntas referidas aos aspectos que cómpre potenciar nos distintos medios (urbano, rural e espazo costeiro) o turismo é a variable que hai que impulsar na opinión dos municipios. Nas tres preguntas o desenvolvemento turístico aparece coas maiores porcentaxes.

Complementando o turismo aparece o sector servizos (ocio e comercio) no medio urbano e costeiro. A agricultura é unha alternativa unicamente para o medio rural, que convive co turismo.

Conclúese que o comportamento dos datos amosa unha realidade clara; as alternativas de potenciación para frear o abandono dos espazos atópanse no sector servizos (turismo, agricultura, ocio e comercio). Esta percepción pode reflectir unha sensibilidade que asimila modelos de ocupación e desenvolvemento propios doutros lugares e que precisa dunha reflexión para atopar un modelo que combine o desenvolvemento dun sector servizos ligado ás actividades primarias e ás características esenciais do territorio galego mantendo os seus sinais de identidade e o seu maior activo: unha paisaxe litoral de calidade.

### Resumo das variables máis importantes

A relevancia do **turismo**ponse de manifesto nunha parte importante das respostas. Foron preto de 34 municipios do litoral os que coincidiron en que é un aspecto que hai que potenciar no medio rural. Atendendo á distribución territorial, esta variable estaría máis presente nas Rías Baixas, o Golfo Ártabro e a Costa da Morte.

Medio rural	Turismo	75,60%
	Agricultura	73,30%
Medio urbano	Turismo	64,40%
	Comercio	62,20%
Espazo costeiro	Turismo	77,80%
	Ocio	71,10%

A **agricultura**, que é outra das variables salientables no medio rural, sería unha opción que aparece con relevancia nos municipios medios (de 4.000 a 25.000), indicando deste xeito un interese por manter e potenciar unha actividade económica característica da Comunidade.

No ámbito urbano as variables máis destacadas foron o **turismo e o comercio**, xa que os municipios do litoral con maior número de habitantes poden ter maiores expectativas de desenvolver unha actividade máis centrada na actividade turística e no sector servizos. Neste senso foron 29 os municipios que apostaron polo turismo. A actividade comercial tamén aparece como actividade importante, xa que é unha realidade directamente relacionada coa potenciación do espazo urbano e un factor estratéxico para o seu desenvolvemento.

Finalmente o turismo, acompañado esta vez pola actividade de ocio, é percibido por unha maioría de concellos como un elemento de potenciación do espazo costeiro. Esta fórmula (**turismo e ocio**) é unha alternativa moi delicada para o territorio e precisa dunha estratexia de desenvolvemento que considere as características culturais, ambientais e sociais que compense os seus impactos. Os municipios do litoral son conscientes desta potencialidade pero deben amosar unha sensibilidade que permita protexer a identidade, o medio e o patrimonio natural, cultural e histórico e realizar unha xestión integrada de calidade de todos os recursos.

A realidade que configuran estes datos pon de manifesto que os municipios entenden a dimensión turística como a variable fundamental. Os aspectos ligados ao turismo, como poden ser a creación de postos de traballo, xeración de ingresos, mellora de equipamentos ou a creación de infraestruturas e servizos precisan dun desenvolvemento integrado que compense os efectos negativos sobre o medio e o desenvolvemento do territorio. Existen experiencias que mostran cales poden ser esas externalidades negativas e por iso é preciso facer unha reflexión sobre as estratexias máis pertinentes para integrar o desenvolvemento turístico nunha ordenación do territorio equilibrada, especialmente naquelas zonas que pensan apostar pola actividade turística e teñen a posibilidade de planificar unha xestión sostible do espazo costeiro.

### 3.4.2. En relación ao concello

Neste bloque de preguntas analizouse a percepción de certos aspectos que ten cada municipio.

#### DE CARÁCTER XERAL


##### 3.4.2.1 Identificación do concello

Como identificaría o seu municipio en relación co resto dos da Comunidade Autónoma?

Con esta pregunta trátase de identificar cales son as características máis salientables que os municipios do litoral presentan fronte ao resto de municipios galegos.

A identificación maioritaria que os municipios teñen de si mesmos céntrase fundamentalmente no aspecto residencial (66,7%) e no turismo (66,4%). Consólidase neste sentido unha visión particular que non responde totalmente as dinámicas sociais e económicas tradicionais do litoral galego.

**Identificación do municipio en relación ao resto da Comunidade Autónoma (% afirmativa para cada variable)**




**3.4.2.2 Proxecto de concello do futuro**

Que proxecto de municipio desexan para o futuro do seu concello?

O futuro desexado polos municipios vai acorde coa identificación que fan de si mesmos na epígrafe anterior. O turismo (77,8%) e a residencia (64,4%) son as características mais salientables, seguido pola dimensión empresarial (62,2%) e os servizos (51,1%). A imaxe que configuran estas variables esta próxima a un modelo mediterráneo.

Cabe salientar que os aspectos rural (35,6%) e productivo (48,9%) son elementos vertebradores de moitos dos municipios do litoral que aínda gardan unha estrutura tradicional que pode ser unha potencialidade dende o punto de vista turístico.

**Proxecto de municipio para o futuro (% afirmativa para cada variable)**



**3.4.2.3 Suxestións para que se coñeza o concello**


Que suxestións pode achegar para que desde o exterior se coñeza o seu municipio?

As suxestións para o coñecemento do municipio no exterior acompañan os datos reflectidos en preguntas anteriores. A oferta turística (82,2%) aparece de novo como unha variable determinante para dimensionar a identidade e futuro dos municipios.

Destacan as porcentaxes das categorías de mellora da rede de servizos (64,4%) e a mellora da accesibilidade (62,2%), que son elementos que reforzan e vertebran a perspectiva dun concello turístico e de servizos.

A dimensión económica (innovación, empresarial, tecido productivo e investimento no medio rural) aparece como variable secundaria con porcentaxes próximas ao 50%.

**Suxestións para o coñecemento do municipio no exterior (% afirmativa para cada variable)**




**3.4.2.4 Actividades para potenciar no futuro**

As actividades que, en opinión dos municipios, son prioritarias de cara ao futuro xiran ao redor do aspecto turístico e económico. O turismo reaparece neste bloque de preguntas como a actividade prioritaria de cara ao futuro cunha porcentaxe considerable (82,2%). O punto de vista económico é tamén destacable, xunto coa potenciación do tecido empresarial (68,2%) e a actividade económica pesqueiro-marisqueira relacionada co mar (62,2%).



**Actividades económicas prioritarias para potenciar de cara ao futuro (% afirmativa para cada variable)**

Actividade turística	82,2%
Tecido empresarial	68,9%
Actividade económica pesqueiro-marisqueira relacionada co mar	62,2%
Actividades culturais e de ocio	53,3%
Actividade industrial	42,2%
Agricultura e gandería	35,6%
Capacidade enerxética	33,3%



**3.4.2.5 Retos e estratexias do concello**

Esta pregunta formulouse de forma aberta para que cada un dos municipios incluíse os retos que mellor respondesen á súa realidade local. Posteriormente estudouse o conxunto das respostas para agrupalas en categorías descritivas máis concretas co obxectivo de resumir a gran cantidade de respostas dun xeito máis comprensible.

**Retos e estratexias de ámbito autonómico ou estatal (%)**

Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	26,80
Sendas litorais e interiores	14,43
Mellora de saneamento e tratamento de residuos	12,37
Protección e conservación dos espazos naturais	11,34
Creación de infraestruturas sanitarias e socioeducativas	8,25
Creación de parques empresariais	7,22
Mellora dos portos pesqueiros e creación de portos deportivos	7,22
Valorización do patrimonio e musealización	4,12
Actuacións en materia de ordenación do territorio	3,09
Creación de parques eólicos	2,06
Potenciación do sector acuícola e marisqueiro	2,06
Melloras de conexión a internet	1,03
<b>Total</b>	<b>100</b>



Nesta pregunta recóllense o total de **proxectos de ámbito autonómico ou estatal** que, segundo os concellos, están a desenvolver na actualidade. Aínda que os proxectos son de diverso tipo, destacan especialmente unha serie de actuacións. Cunha porcentaxe significativa (26,80) sitúanse os relacionados coa creación e mellora de infraestruturas de comunicación, fundamentalmente proxectos de creación e mellora de vías e de transporte ferroviario. As actuacións relacionadas coas sendas litorais e interiores atópanse en segundo lugar (14,43%) con intervencións relacionadas principalmente coa creación ou acondicionamento de paseos marítimos.

En terceiro lugar sitúase a mellora de saneamento e tratamento de residuos (12,43%), onde se están a desenvolver principalmente proxectos de implantación de redes de saneamento nos concellos. A protección e conservación de espazos naturais (11,34%) inclúe aqueles proxectos relacionados coa protección, mellora ou conservación do patrimonio natural. O resto dos proxectos sinalados xiran ao redor de varios aspectos comúns relacionados co desenvolvemento económico e o territorio.

No referido á distribución segundo o tamaño dos municipios, o conxunto de respostas amosa que a creación e mellora de infraestruturas estase a desenvolver fundamentalmente nos concellos de entre 4.000 e 10.000 habitantes e tamén nos de máis de 25.000. As actuacións relacionadas coas sendas litorais e interiores destacan nos municipios entre 10.000 e 25.000 habitantes.

As porcentaxes de mellora e tratamento de residuos atópanse máis repartidas entre todas as categorías. As intervencións relacionadas coa protección e conservación dos espazos litorais estanse a levar a cabo nos concellos con maior poboación.

É salientable que os concellos pequenos non estean a desenvolver ningunha actuación en varias das categorías sinaladas, aínda que si destacan no que se refire a Ordenación do Territorio. Non obstante, a acuicultura e o marisqueo -actividades que representan unha porcentaxe moi pequena respecto do total de actuacións- sitúanse totalmente nestes concellos.

Os concellos de maior poboación teñen un maior número de actuacións en creación de parques naturais, implantación de internet e creación de infraestruturas sanitarias e socioeducativas, reflexo das necesidades que precisan os concellos máis poboados.

**Retos autonómicos e tamaño do concello (%)**


	Municipios de menos de 4000 habitantes	Municipios de entre 4000 e 10000 habitantes	Municipios de entre 10000 e 25000 habitantes	Municipios de máis de 25000 habitantes
Sendas litorais e interiores	7,14	14,29	64,29	14,29
Actuacións en materia de ordenación do territorio	66,67	0,00	0,00	33,33
Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	7,69	50,00	11,54	30,77
Protección e conservación dos espazos naturais	10,00	0,00	60,00	30,00
Mellora de saneamento e tratamento de residuos	15,38	23,08	38,46	23,08
Valorización do patrimonio e musealización	0,00	50,00	50,00	0,00
Creación de parques empresariais	0,00	33,33	16,67	50,00
Mellora dos portos pesqueiros e creación de portos deportivos	18,18	54,55	9,09	18,18
Creación de parques eólicos	25,00	25,00	25,00	25,00
Potenciación do sector acuícola	100,00	0,00	0,00	0,00
Melloras de conexión a internet	0,00	0,00	0,00	100,00
Creación de infraestruturas sanitarias e socioeducativas	0,00	12,50	37,50	50,00

**Retos autonómicos e costas (%)**

	Mariña lucense	Rías Altas	Golfo Ártabro	Arco Bergantiñán	Costa da Morte	Rías Baixas	Costa Sur	Total
Sendas litorais e interiores	0,00	7,14	0,00	0,00	7,14	71,43	14,29	100
Actuacións en materia de ordenación do territorio	0,00	0,00	0,00	0,00	50,00	0,00	50,00	100
Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	0,00	11,54	19,23	15,38	15,38	34,62	3,85	100
Protección e conservación do espazos naturais	0,00	10,00	0,00	0,00	0,00	90,00	0,00	100
Mellora de saneamento e tratamento de residuos	0,00	15,38	23,08	0,00	7,69	46,15	7,69	100
Valorización do patrimonio e musealización	0,00	0,00	16,67	33,33	16,67	33,33	0,00	100
Creación de parques empresariais	0,00	0,00	0,00	0,00	20,00	60,00	20,00	100
Mellora dos portos pesqueiros e creación de portos deportivos	0,00	0,00	9,09	9,09	36,36	36,36	9,09	100
Creación de parques eólicos	0,00	0,00	50,00	0,00	0,00	0,00	50,00	100
Potenciación do sector acuícola e marisqueiro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00	100
Creación de infraestruturas sanitarias e socioeducativas	0,00	22,22	0,00	0,00	0,00	55,56	22,22	100
Melloras de conexión a internet	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00	0,00	100

**Retos e estratexias de ámbito local**

Aprobación do PXOM e actuacións en materia de ordenación do territorio	20,90
Creación de infraestruturas socioeducativas e deportivas	14,93
Mellora de saneamento e abastecemento	13,43
Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	12,69
Valorización do patrimonio natural e cultural	11,19
Protección e conservación dos espazos naturais	9,70
Desenvolvemento de parques empresariais	8,96
Promoción do sector marítimo-pesqueiro	4,48
Dinamización turística	2,24
Desenvolvemento local e Axenda 21 Local	1,49
<b>Total</b>	<b>100</b>



No relacionado cos proxectos que os propios municipios están desenvolvendo por iniciativa propia, o conxunto de respostas evidencian que a aprobación do PXOM e as actuacións en materia de ordenación do territorio son as accións fundamentais que na actualidade están a desenvolver os municipios, xa que 20,90% das respostas sitúanse nesta categoría. Recóllense aquí distintos proxectos relacionadas cos Plans xerais de ordenación municipal e con actuacións puntuais de acondicionamento e melloras de infraestruturas municipais.

En segundo lugar, e moi relacionado coa categoría anterior, atópase a creación de infraestruturas socioeducativas e deportivas (14,93%). Aquí inclúense unha gran cantidade de actuacións que están a desenvolver os municipios en infraestruturas de carácter sociocomunitario (centros de día, centro cívico, instalacións culturais, comerciais), instalacións deportivas e educativas.

Outra categoría salientable é a que integra as respostas relacionadas coa mellora do saneamento e o abastecemento (13,43% das respostas), as actuacións desenvoltas neste ámbito son principalmente proxectos de distinto tipo relacionados con distintos tipos de saneamento (melloras do saneamento nas parroquias, intervencións na depuración e calidade das rías).

A creación e mellora de infraestruturas de comunicacións supón o 12,69% das respostas. Esta categoría recolle as actuacións relacionadas coa creación e mellora de redes viarias, proxectos de accesibilidade e de mobilidade.

O resto de categorías recollen proxectos que teñen como denominador común, por unha banda a protección e valorización do patrimonio cultural e natural, e por outra a promoción e dinamización social e económica.



### Retos locais e tamaño da poboación

	Municipios de menos de 4000 habitantes	Municipios de entre 4000 e 10000 habitantes	Municipios de entre 10000 e 25000	Municipios de máis de 25000 habitantes	Total
Mellora do saneamento e abastecemento	42,86	14,29	28,57	14,29	100
Desenvolvemento local e Axenda 21	0,00	42,86	28,57	28,57	100
Parques empresariais	22,22	22,22	44,44	11,11	100
Aprobación do PXOM e actuacións en materia de ordenación do territorio	17,24	37,93	20,69	24,14	100
Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	18,75	56,25	18,75	6,25	100
Creación de infraestruturas socioeducativas e deportivas	16,67	27,78	33,33	22,22	100
Valorización do patrimonio cultural e natural	26,67	33,33	26,67	13,33	100
Protección e conservación dos espazos naturais	0,00	33,33	25,00	41,67	100
Dinamización turística	33,33	33,33	33,33	0,00	100
Promoción do sector marítimo-pesqueiro	16,67	33,33	33,33	16,67	100
Creación de sendas litorais e interiores	33,33	16,67	33,33	16,67	100

Dende o punto de vista do tamaño dos concellos, pódese observar que na aprobación do PXOM e actuacións en materia de ordenación do territorio a distribución das porcentaxes está máis repartida, amosando a importancia que este tipo de actuacións teñen para todos os municipios.

No referido á creación de infraestruturas socioeducativas sucede de xeito similar. Pola contra os concellos máis pequenos aglutinan unha parte considerable das actuacións locais en mellora do saneamento e abastecemento, aspecto do que habitualmente carecen este tipo de concellos, pero que é prioritario para o seu desenvolvemento.

### Retos locais e costas (%)

	Mariñas lucense	Rías Altas	Golfo Ártabro	Arco Bergantiñán	Costa da Morte	Rías Baixas	Costa Sur	Total
Mellora de saneamento e abastecemento	9,52	0,00	38,10	4,76	14,29	28,57	4,76	100
Desenvolvemento local e Axenda 21	0,00	0,00	40,00	0,00	0,00	60,00	0,00	100
Parques empresariais	0,00	9,09	18,18	18,18	9,09	45,45	0,00	100
Aprobación do PXOM e actuacións en materia de ordenación do territorio	0,00	9,09	18,18	18,18	9,09	45,45	0,00	100
Creación e mellora de infraestruturas de comunicación	13,33	0,00	33,33	0,00	6,67	46,67	0,00	100
Creación de infraestruturas socioeducativas e deportivas	0,00	5,56	22,22	11,11	22,22	38,89	0,00	100
Valorización do patrimonio cultural e natural	6,67	6,67	13,33	0,00	13,33	26,67	33,33	100
Protección e conservación dos espazos naturais	0,00	0,00	23,08	0,00	15,38	61,54	0,00	100
Dinamización turística	0,00	0,00	33,33	0,00	33,33	33,33	0,00	100
Promoción do sector marítimo-pesqueiro	0,00	0,00	0,00	0,00	33,33	66,67	0,00	100
Creación de sendas litorais e interiores	14,29	0,00	14,29	0,00	0,00	57,14	14,29	100


#### 3.4.2.6 Sinais de identidade do concello

Especifique, dende a súa visión municipal, cales son os sinais de identidade do seu municipio, que deben ser considerados como referente esencial á hora da planificación do futuro municipal.

Os aspectos fundamentais que caracterizan a identidade dos municipios do litoral son, sen dúbida, o elemento natural (91,1%) e a paisaxe (88,9%), seguidos polos elementos patrimoniais (62,2%). A rotundidade na porcentaxe de resposta pon de manifesto o recoñecemento dos valores ecolóxicos, culturais e patrimoniais do territorio local. Por todo isto, calquera tipo de intervención sobre o territorio, ben sexa un proceso de urbanización ou a construción de infraestruturas ou equipamentos, necesita dunha decisión colectiva participada que ofrecerá un marco de posibilidades máis oportuno para a súa correcta planificación e máis equilibrado cos referentes da identidade e cultura do municipio.

#### Sinais de identidade do concello (% afirmativa para cada variable)

Elementos naturais	91,1%
Paisaxe	88,9%
Elementos patrimoniais	62,2%
Escena urbana	42,2%
Outros	15,6%




### 3.4.2.7 Vantaxes competitivas do concello

Enumere as zonas ou os elementos do seu municipio que presentan un maior nivel de excelencia, é dicir, aqueles espazos, actividades, potencialidades, fitos característicos que poidan considerarse como puntos fortes nos que apoiar o desenvolvemento do concello.

Esta pregunta formulouse de forma aberta e cada municipio sinalou aqueles aspectos que consideraba de maior relevancia; posteriormente as respostas foron recodificadas en categorías máis concretas que facilitan a súa comprensión.

En relación ás vantaxes competitivas, os municipios do litoral apostan claramente polos espazos naturais (88,9%) e polo turismo (86,7%). Destacan con porcentaxes considerables as comunicacións (71,1%), as praias (64,4%) e os monumentos (60%). É salientable que o conxunto das preguntas evidencia unha clara sensibilidade cara a aspectos ambientais e patrimoniais.

#### Vantaxes competitivas do concello (% afirmativa para cada variable)



### 3.4.2.8 Conclusións

Os datos comentados nesta parte permiten facer unha composición da realidade que definen os municipios. Cabe salientar que a identificación que fan de si mesmos apunta a un modelo residencial e turístico: este é o modelo que proxectan de cara ao futuro. No referido ás actividades que hai que potenciar reitérase a variable turística acompañada pola actividade empresarial.

Como elementos primordiais para o coñecemento dos municipios no exterior destacan a mellora do turismo e dos servizos. En contraposición a todas estas variables os sinais de identidade máis representativos céntranse nos elementos ambientais e na paisaxe.

Estes resultados poñen de manifesto unha posible contradición na “posta en carga” de paisaxes que supoñen o maior activo do municipio.

O modelo formulado pola análise dos datos proxecta, de cara ao futuro, como alternativa fundamental o sector turismo e o residencial. Este modelo precisa dunha reflexión profunda na súa aplicación ao territorio do litoral galego. A potencialidade do patrimonio natural e cultural da maioría dos municipios galegos é un elemento diferenciado respecto a outras comunidades autónomas. Neste senso o modelo que formulan os concellos debe buscar unha alternativa ben planificada e relacionada coas características propias do territorio. É importante

neste tipo de procesos valorar non só a intensidade das actuacións senón o modo no que estas se producen así como os efectos que provocan. É dicir, valorar non só cánto senón cómo.

Hai que pensar nun cambio do modelo turístico, que incentive e valorice os elementos patrimoniais e a paisaxe litoral, un turismo de natureza non baseado en procesos urbanizadores ou na alteración da franxa litoral. Para iso é necesario establecer normas capaces de regular estes procesos sobre a base de criterios de sostibilidade e perdurabilidade. Tamén aparece coma unha oportunidade a mellora do tecido empresarial e de servizos dos concellos para promover ese cambio de modelo, reinventando as oportunidades do noso patrimonio cultural e patrimonial, fomentando o potencial turístico e cultural de elementos patrimoniais situados na fronte litoral, recuperando e rehabilitando as infraestruturas de cultura e tradición mariñeira e de ribeira en harmonía e coherencia cos valores paisaxísticos e xeomorfolóxicos dos enclaves que os acollen e dotándoos dun uso turístico, cultural, museístico ou hostaleiro sostible que respecte as dinámicas litorais.

## 3.5. SÍNTESE

Tras a lectura da análise do capítulo anterior e dos datos obtidos nos cuestionarios contestados polos municipios pódese facer unha reflexión sobre as perspectivas futuras que no ámbito económico, natural, territorial e social esperan a Galicia e o seu litoral.

Hai unha serie de cuestións que aparecen claramente manifestas. Por unha banda identifícanse unha serie de problemas estruturais e socioeconómicos que caracterizan o territorio galego e por outro atopamos unha serie de potencialidades, que planificadas de forma estratéxica poden ser unha excelente oportunidade de desenvolvemento futuro.

Dende o punto de vista estrutural Galicia posúe un territorio moi amplo cunha estrutura de asentamentos moi fragmentada e unha poboación envellecida. Non existe unha articulación das comunicacións, nin unha base económica o suficientemente consolidada. Dende o punto de vista local os municipios adoecen de diversos problemas: financiamento, comunicacións, falta de servizos básicos e saneamento.

Por outra banda Galicia, e en especial os municipios do litoral, contan cunha serie de vantaxes que, cunha boa planificación, pódense converter en potencialidades para o desenvolvemento económico e social.

O elemento cultural que constitúe o patrimonio arquitectónico, etnográfico e inmaterial percíbese como un aspecto que hai que desenvolver e potenciar. Do mesmo xeito os elementos naturais, especialmente os situados no territorio do litoral teñen unha gran potencialidade en todos os sentidos, son un signo de identidade propio do territorio cunha forte proxección exterior.

Estas ideas deben combinarse nunha planificación que intente mesturar todos os valores patrimoniais, culturais e ambientais cun desenvolvemento territorial deseñando un modelo propio que responda ás necesidades futuras do territorio.



## 4. TRÁMITE DE AUDIENCIA PREVIA Á APROBACIÓN INICIAL

### 4.1. INTRODUCCIÓN

A Lei 10/1995, de Ordenación do territorio de Galicia establece, no seu artigo 15.2, o trámite de audiencia aos concellos e demais entidades supramunicipais afectadas, por un prazo de dous meses para que neste período concellos e demais entidades coñezan e emitan un informe ao documento coas consideracións que estimen oportunas.

Non obstante, aínda que non está previsto na regulación da elaboración dos plans territoriais integrados o Plan de Ordenación do Litoral prevé na súa metodoloxía de elaboración do documento prestar especial atención á participación e diálogo cos diversos actores públicos e privados a través de distintos procedementos.

A planificación do territorio precisa do compromiso e participación de todos os axentes implicados na confección do diagnóstico e na formulación e execución do Plan. Para a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a implicación é unha garantía que lexítima e reforza o valor non só do documento senón da súa comprensión e polo tanto da súa futura aplicación.

A vocación de participación cidadá e concertación social do Plan de Ordenación do Litoral vai máis aló de ser un rigoroso proxecto técnico de ordenación territorial. Prestouse especial atención a este procedemento executándose canles abertas para atender todas as inquietudes, suxestións e dúbidas que están a xurdir nas distintas fases do proceso.

O POL é un Plan territorial integrado cuxo ámbito abrangue o espazo litoral, considerado como unha entidade espacial claramente individualizada e dotada dun alto valor que debe ser debidamente ordenado e xestionado dende una perspectiva integral, dentro dunha política de desenvolvemento sostible.

Habilitáronse para isto unha serie de instrumentos de comunicación e difusión para que o Plan de Ordenación do Litoral desenvolva unha relación estreita cos actores implicados (cuestionario Delphi, enquisas a concellos, Oficina de Información do POL, audiencias e consultas, divulgación na web e en prensa, etc.).

O período de consultas aproveitouse para abarcar os seguintes obxectivos:

- Difusión e comunicación do Plan.
- Información, asesoramento e consultas.
- Recepción de información complementaria.

Cabe sinalar que, aínda que nesta fase non estaba previsto, foron non poucas as cuestións formuladas pola cidadanía, en ocasións trasladadas a través dos concellos. Neste senso, as porcentaxes de datos de participación reflicten unha sensibilidade alta ante este documento.

Durante tres meses, de febreiro a abril, desenvolveuse o citado período de consultas. Os dous meses iniciais previstos na Lei prorrogáronse un mes máis por solicitude dos concellos. Esta é unha mostra do interese e alcance que un documento desta natureza ten para Galicia.

Toda a información recadada foi estudada e introducíronse aqueles aspectos relevantes para a mellora e concreción do Plan de Ordenación do Litoral; ademais este proceso permitiu avaliar a metodoloxía empregada, a implicación e participación dos concellos e o grao de entendemento do documento; en definitiva, o traballo desenvolto ata ese momento.

Unha vez recibidos os informes emitidos polos concellos, analizouse o seu contido, tipificando e cuantificando as diferentes cuestións, de xeito que unha vez realizada esta tarefa deuse traslado aos diferentes equipos que están a traballar na elaboración do documento para a súa análise e incorporación, no seu caso, ao plan.

### 4.2. ANÁLISE DOS DATOS RECIBIDOS

#### 4.2.1. Distribución territorial das consultas

Remitiuse o Plan territorial integrado aos 84 municipios recollidos no Anexo da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia do litoral. Destes, un total de 78 concellos deron traslado do informe elaborado, en relación co POL.

Se ben unha distribución do número de consultas recibidas amosa que a provincia da Coruña é a que maior número de consultas efectuou, seguida de Pontevedra, a homoxeneización destes datos en función do número de concellos por provincia amosa uns resultados moi semellantes, tendo en conta que na provincia de Lugo acércase ás sete achegas por concello, superándose lixeiramente as sete na da Coruña e Pontevedra.



#### N.º medio de consultas por provincia

Provincia	N.º concello	Total concellos	Media de consultas
A Coruña	289	41	7,05
Pontevedra	225	29	7,76
Lugo	50	8	6,25
<b>Total</b>	<b>564</b>	<b>78</b>	<b>21,06</b>

Porén, sen ter en conta a media dos concellos en función da provincia, o número de achegas por concello foi moi diverso, chegando nalgúns casos a preto de 20 cuestións en varios municipios situados nas Rías Baixas.


**Atendendo á distribución por costas**, as Rías Baixas supón un 49,65% do total, e o Golfo Ártabro recolle o 14,72% das achegas. O resto de costas reparten as porcentaxes restantes de xeito diverso e pouco significativo.

Mapa do número de suxestións dos concellos do ámbito do Plan de Ordenación do Litoral por Rango.



Distribución de consultas por costa

Costa	Frecuencia	%
Rías Baixas	280	49,65
Golfo Ártabro	83	14,72
Arco Bergantiñán	51	9,04
Costa da Morte	49	8,69
Rías Altas	40	7,09
Costa Sur	31	5,50
A Mariña lucense	30	5,32
<b>Total</b>	<b>564</b>	<b>100,00</b>




#### 4.2.2. Análise das consultas

Elabórese unha base de datos coa totalidade das achegas dos concellos, tipificando estas para determinar o alcance delas atendendo á temática e carácter, co obxectivo de completar e axustar todos aqueles aspectos do Plan de Ordenación do Litoral susceptibles de mellora.

En primeiro lugar clasificáronse discriminando o seu contido entre concreto (consultas cun contido específico e puntual) ou xenérico (consultas xerais sobre diversos aspectos do Plan de Ordenación do Litoral que non chegaron correccións ou información concreta). Conclúese que a distribución do carácter das alegacións é bastante equitativo: o 56% do total foron consultas de contido concreto e o 43,44% xenéricas. As de tipo concreto foron incorporadas directamente de cara ao documento de aprobación inicial, por tratarse de aspectos pormenorizados tales como a achega de información, corrección de erros puntuais, etc.

Carácter das consultas (%)



En segundo lugar abordouse a temática de cada unha das consultas atendendo aos contidos establecidos no Plan de Ordenación do Litoral. Os tipos de consultas clasificáronse co seguinte criterio:

- Cartografía.
- Xurídica: cuestións relacionadas co ámbito e determinacións do POL
- Anexos: aspectos referidos aos Núcleos de identidade litoral (NIL), praias e Espazos de interese paisaxístico (EIP).
- Xeral: cuestións que non teñen relación directa cos contidos do POL
- Fichas: consideracións referidas ás fichas das unidades de paisaxe.
- Memoria: aspectos relacionados cos diferentes Títulos da Memoria do POL (Metodoloxía, Síntese Territorial, Modelo de Xestión, etc).




Do total das 564 consultas recibidas obsérvase que unha parte importante (61,17%) tiveron a cartografía como base, seguido do aspecto xurídico (31,03%). As restantes categorías supuxeron unha información pouco significativa sobre o total. A suma das porcentaxes das dúas categorías sinaladas supoñen o 92,2% do total, concentrando practicamente a totalidade das consultas.

#### Tipo de consultas

Isto pon de manifesto por una banda a necesidade, de cara ao documento de aprobación inicial, de realizar unha cartografía máis exhaustiva e de máis fácil comprensión. Por outro lado, cabe resaltar, dende o punto de vista xurídico, aqueles aspectos máis debatidos. Todo iso co obxectivo de facilitar a comprensión e claridade do documento.

Grupo	Frecuencia	%
Cartografía	345	61,17
Aspecto xurídico	175	31,03
Anexos	26	4,61
Xeral	8	1,42
Fichas	6	1,06
Memoria	4	0,71
<b>Total</b>	<b>564</b>	<b>100,00</b>



#### 4.2.2.1 Cartografía

No que se refire ás achegas de base cartográfica, máis do 72% tiveron un carácter concreto.

#### Distribución por carácter

Os aspectos máis reiterados supoñen cuestións de delimitación ou incorporación de ámbitos de planeamento, de elementos patrimoniais ou naturais, eliminación ou axuste das distintas proteccións, así como propostas de modificación das áreas ou tipo de asentamento que propón o POL.

Tipo	Frecuencia	%
Concreto	250	72,46
Xenérico	95	27,54
<b>Total</b>	<b>345</b>	<b>100,00</b>

Unha das suxestións máis recorrentes foi a relativa á conveniencia de modificar as cores da cartografía pola dificultade que incorporaba á interpretación do plan.

A dinámica de comunicación fluída cos concellos neses meses de consultas fixo que esta petición puidese ser corrixida nos quince días seguintes á remisión do documento ás entidades municipais, poñéndoa a disposición na páxina web elaborada para a súa difusión.

No seguinte cadro desagreganse os aspectos seguintes:


- Delimitacións.
- Incidencias cartográficas.

- Achega de datos novos.
- Achega de información ou valoración para a modificación de cuestións de modelo.

Destacan en primeiro lugar con 27,25% as referidas a aspectos de **delimitación** e en segundo lugar aparecen as **incidencias** (20,58%). Cun 19,71% figuran as de alcance **informativo** e cun 19,81% as relacionadas con **urbanismo**. O resto de aspectos non presenta unhas porcentaxes significativas.

Para aproximarse un pouco máis aos aspectos que caracterizan a participación estableceuse un segundo nivel de categorización para analizar con maior profundidade o alcance das consultas formuladas. As conclusións obtidas son as seguintes:

CARTOGRAFÍA		
Aspecto	Frecuencia	%
Delimitación	94	27,25
Incidencias	71	20,58
Información	68	19,71
Urbanismo	58	16,81
Expresión	27	7,83
Inclusión	13	3,77
Núcleos	7	2,03
Novo Pxom	4	1,16
Alcance	2	0,58
Indeterminación	1	0,29
<b>Total</b>	<b>345</b>	<b>100</b>



- Das 94 cuestións referidas á **delimitación**, a maioría teñen que ver coas proteccións de bosque, corredor ou costeira; tamén se repiten as referidas ás áreas de mellora ambiental e paisaxística ou sobre a delimitación dos núcleos rurais.
- As cuestións derivadas das delimitacións de bosque e corredor foron revisadas para corrixir os posibles erros incluídos na primeira cartografía editada.
- As inxerencias relativas ás delimitacións de protección de bosque, e a constatación da utilización dunha cartografía non actualizada e con capacidade de modificarse con rapidez, aconsellou a reformulación da incidencia da protección de bosque, decidindo que formara parte da cartografía de usos pormenorizados, sendo esta complementaria á de síntese, para incorporar nas determinacións dos diferentes plans ou actuacións que se prevexan.
- Un 20,58% destas cuestións cartográficas refírense a discrepancias do concello coa representación de ámbitos de solo en relación co artigo 3 da normativa, cos elementos patrimoniais e termos de toponimia. Así, todas as cuestións relativas á toponimia revisáronse en coordinación co grupo de toponimia da Xunta de Galicia; e do mesmo xeito revisáronse os ámbitos de solo urbano consolidado e de núcleo rural, segundo os datos do concello, xa que os plans anteriores á Lei 9/2002 non establecían a diferenza entre urbano no consolidado e urbano consolidado.
- O 19,71% das achegas fanse sobre diversos elementos ou datos para seren incorporados ao POL, como son **información** sobre núcleos para a súa identificación como NIL ou para a súa consideración de carácter

fundacional/funcional/periférico e así mesmo a identificación de ámbitos de recualificación segundo o modelo descrito.

- Son 25 as cuestións referidas aos NIL, nunhas propoñen o recoñecemento como tal e nas menos solicitan unha delimitación concreta del. Analizáronse incorporando aqueles que efectivamente respondían ao descrito no POL como núcleo de identidade litoral. Así mesmo modificáronse aqueles asentamentos nos que quedou recollido o seu carácter tradicional ou funcional.
- É significativo o número de peticións de aplicación do planeamento en trámite fronte ao vixente (case un 17%), o que indica a necesidade de explicar o carácter dinámico deste instrumento de ordenación territorial que se actualizará conforme se modifiquen non só os plans urbanísticos municipais senón tamén os sistemas xerais territoriais.
- O POL non é unha foto fixa sobre o territorio senón que a situación urbanística vixente non condicionará o desenvolvemento dos concellos; o planeamento urbanístico, posterior ao POL, incorporárase á xestión dinámica deste documento.

#### 4.2.2.2 Xurídico

O segundo grupo de cuestións máis destacado son as que teñen unha base xurídica. A distribución territorial sitúa as consultas fundamentalmente na provincia de Pontevedra e da Coruña. Respecto ao carácter da consulta concéntrase o 74,29% no aspecto xenérico fronte a un 25,71% de cuestións concretas.

#### Distribución por carácter

Os aspectos fundamentais das consultas con base xurídica céntranse fundamentalmente en cuestións de **normativa** (36,57%), seguido de lonxe polos aspectos relativos ao **alcance** do documento (16,57%): como o plan territorial integrado no ámbito proposto en relación coa franxa de 500 metros. Esta norma establecía a suspensión da tramitación de planeamento na Lei 6/2007 ou na Orde 14/2009, ou a súa viabilidade no contexto

	Frecuencia	%
Concreto	45	25,71
Xenérico	130	74,29
<b>Total</b>	<b>175</b>	<b>100,00</b>

normativo actual.

As cuestións sobre a necesidade dun réxime transitorio axeitado á situación urbanística e económica da Comunidade son reiteradas por numerosos concellos e, en particular, aquelas solicitudes de clarificación da normativa para os efectos da súa aplicación.

Ambas as consideracións incorporáronse no documento para a aprobación inicial. Esta cuestión foi posible posto que, como xa se indicou anteriormente, a participación activa dos concellos durante este trámite de audiencia posibilitou a actualización e o coñecemento do estado do planeamento.

#### Cuestións de carácter xurídico

Afondando un pouco nas cuestións de tipo xurídico, das referidas á Normativa sobresaen aquelas que suxiren modificar o

contido da redacción de artigos, a incorporación de disposicións transitorias e as vinculadas ao modelo propositivo

Aspecto	Frecuencia	Porcentaxe
Normativa	64	36,57
Alcance	29	16,57
Legalidade	28	16,00
Urbanismo	19	10,86
Expresión	14	8,00
Información	9	5,14
Delimitación	7	4,00
Estudio económico	1	0,57
Favorable	1	0,57
Incidencias	1	0,57
Indeterminación	1	0,57
Remisión ao concello	1	0,57
<b>Total</b>	<b>175</b>	<b>100,00</b>

do plan.

Todas as cuestións xurídicas se tiveron en conta na revisión e redacción final do plan, tanto nas motivacións como nas determinacións da normativa e demais elementos que abrangue o plan territorial integrado do litoral de Galicia.

En particular, unha parte relevante das achegas de carácter xurídico inciden sobre o que consideran que supón unha vulneración do planeamento e competencia municipal, ao interpretar que a localización de ámbitos en áreas de mellora ambiental e paisaxística implica a imposibilidade de desenvolvemento. Isto apunta a que é preciso que o documento que se aprobe inicial e definitivamente sexa claro no que se refire á forma de incidir sobre o planeamento vixente e sobre o que se redacte. No primeiro caso rexen as disposicións transitorias e no segundo será o planeamento o que, coas directrices e normas establecidas no POL, identifique os ámbitos de desenvolvemento urbanístico ou os de especial protección.

En relación co solo de especial protección, non poucos foron os concellos que solicitaron a incorporación ao POL dos solos protexidos fixados polo seu planeamento, cuestión incorporada ao documento.

#### 4.2.3. Conclusións

A participación na fase de consultas aos concellos e entidades supramunicipais con competencia no litoral tivo boa resposta na meirande parte dos concellos. As súas achegas foron consideradas para a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral.

A información proporcionada centrouse fundamentalmente en aspectos relacionados coa cartografía e con cuestións xurídicas. Todas as suxestións foron valoradas polos técnicos e consideradas para completar os documentos naqueles casos nos que achegaban información relevante.


Ao mesmo tempo este período de información pública durante o trámite de audiencia permitiu achegar o contido do modelo proposto polo POL á cidadanía e aos concellos, aspecto fundamental para a súa aplicación futura.



### 4.3. CONSULTAS E DIVULGACIÓN DO POL

Co obxecto de facilitar o acceso á información, habilitáronse canles de comunicación onde calquera cidadán e administración pública ou privada poida dirixir calquera tipo de consulta:

- Habilitouse unha Oficina de Información do POL na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para atención personalizada e telefónica.
- Creouse un correo electrónico de información: [infopol@xunta.es](mailto:infopol@xunta.es)
- Deseñouse unha páxina web na que poder consultar toda a documentación do Plan de Ordenación do Litoral: <http://www.xunta.es/litoral/>.
- Concertáronse audiencias co equipo redactor do POL e os organismos municipais para aclarar calquera tipo de dúbida acerca do documento.
- Impartíronse charlas e conferencias en distintos foros para divulgar o POL e os seus contidos.



Páxina web do Plan de ordenación do litoral: [www.xunta.es/litoral/](http://www.xunta.es/litoral/)

#### 4.3.1. Consultas á oficina de información do POL

Tal e como sinala o seguinte cadro realizáronse ata o momento 68 consultas, das que o 80% foron efectuadas por vía telemática, a través do correo electrónico. No referido ao organismo solicitante o maior número de consultas foron particulares (45,59%), seguido de administracións e organismos (36,76%).

##### Medio de consulta

Correo Postal	Presencial	Telemática	Total
2	11	55	68
2,94	16,18	80,88	100



Oficina de información do Plan de ordenación do litoral

### Consultas por organismo

Organismo	Total	%
Particular	31	45,59
Administracións - Organismos	25	36,76
Empresa	12	17,65
<b>Total</b>	<b>68</b>	<b>100,00</b>

No que atende á temática das consultas, as porcentaxes son bastante homoxéneas. O 38,24% corresponde a aspectos cartográficos, o 35,29% a aspectos normativos e o 26,47% a cuestións administrativas.

### Consultas por tema

Consulta	Total	%
Cartografía	26	38,24
Normativa	24	35,29
Administración	18	26,47
<b>Total</b>	<b>68</b>	<b>100,00</b>

#### 4.3.2. Consultas a través da páxina web

Co obxectivo de que calquera persoa interesada acceda ao Plan de Ordenación do Litoral, deseñouse unha páxina web (<http://www.xunta.es/litoral/>) na que se pode consultar e descargar toda a documentación e cartografía do POL e das Unidades de Paisaxe.

Dende o mes de febreiro e ata xuño de 2010 realizáronse un total de 2.707.833 visitas á páxina web, cunha media diaria de 131 sesións.

#### 4.3.3. Audiencias na consellería

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe estivo a disposición para atender todos os organismos públicos e privados que formularon algunha dúbida ou aclaración que puidera xurdir no proceso de deseño do POL. A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe reuniuse con todas as entidades que solicitaron entrevistas persoais. Ata o momento lévanse efectuadas máis de 80 audiencias co obxectivo de que o POL sexa un documento participado.

#### 4.3.4. Charlas e conferencias

Outro dos obxectivos foi a difusión do documento que se estaba tramitando. Co fin de dar a coñecer os principios e metodoloxías que guían o deseño do POL, a Dirección Xeral participou en distintos foros e encontros para presentar e divulgar o traballo desenvolvido ata o momento. Na seguinte táboa figura unha relación dos encontros e foros nos que participou o equipo redactor.

XESTUR A CORUÑA, LUGO E PONTEVEDRA
COAG Lugo
COAG Ferrol
COAG A Coruña
COAG Santiago
COAG Vigo
COAG Pontevedra
Portos de Galicia
Asociación de veciños de Cangas
Máster de Arquitectura da paisaxe (Escola Galega da Paisaxe)
Charla APROIN en Vigo
IV Xornadas da paisaxe cultural do Noroeste: A Paisaxe compartida (Betanzos)
XLIV Curso de Saúde Ambiental (Ortigueira)
Charla APROIN na Coruña

#### 4.3.5. Comisión Parlamentaria

Outra das iniciativas máis significativas que se impulsaron dentro do obxectivo de participación foi a creación dunha comisión parlamentaria que trasladase de xeito oficial e institucional ás distintas forzas políticas un documento que reflectise a transcendencia do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. Como consecuencia desta comisión, os tres partidos políticos emitiron senllos ditames que reflectían as consideracións sobre o documento.

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, despois de que o POL fose levado a audiencia de Xunta de portavoces, en reunión de 15 de marzo de 2010, os distintos grupos políticos acordaron a creación dunha Comisión non permanente especial de seguimento e evolución do Plan de Ordenación do Litoral. A devandita comisión quedou integrada polos tres grupos parlamentarios.

O seu obxectivo foi abrir a participación dos grupos políticos e do conxunto dos axentes e a sociedade civil no proceso de elaboración do POL. Todo iso, a pesar de non tratarse dun trámite preceptivo, xa que como Plan territorial integrado (PTI) trátase só dunha competencia do Goberno autonómico. Deste xeito posibilitábase ao conxunto dos grupos políticos coñecer de primeira man a situación do instrumento e posibilitábase a presentación de achegas e suxestións a el.

Dende o principio a idea foi realizar un plan, con vontade de subsistencia no tempo e de aplicabilidade nas distintas políticas públicas e privadas con implicación no territorio das zonas costeiras de Galicia.

Finalmente a comisión constituíuse formalmente o 29 de abril de 2010, contando, como xa indicamos, con representantes dos tres partidos políticos.

A comisión reuniuse en 11 ocasións e nela compareceron 18 persoas-institucións, expertos de recoñecido prestixio, representativos das distintas disciplinas, axentes e institucións con relación no ámbito.

A citada comisión, o pasado 25 de xuño de 2010 acordou informar favorablemente o POL propondo a inclusión e o tratamento dunha serie de cuestións que se detallan a continuación.



SÍNTESE. RECOMENDACIÓNS DA COMISIÓN PARLAMENTARIA	DOCUMENTO DO TRÁMITE DE AUDIENCIA	DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL
Delimitación do ámbito.	Título II. A PAISAXE. Título IV. MODELO.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico. Título II. A PAISAXE. Capítulo 2. As paisaxes. Título IV. MODELO.
Adecuación da tramitación do POL como PTI.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico.
Alcance do POL en relación á ordenación municipal.		Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico. Título V. NORMATIVA.
Representación cartográfica.	Título VIII. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA (1 serie cartográfica).	DOCUMENTACIÓN GRÁFICA (varias series cartográficas).
Disposicións transitorias.	---	Título V. NORMATIVA.
Desenvolvemento de medios de divulgación.	Publicación en WEB/ oficina de información. Conferencias, presentacións e relatorios.	Desenvolvemento e mellora da WEB/ oficina de información. Conferencias, presentacións e relatorios.
Réxime de compatibilidade de solos para desenvolver cos criterios de protección ambiental do POL e a súa correspondente programación temporal de desenvolvemento.	---	Título IV. MODELO. Título V. NORMATIVA.
Estudo económico-financeiro.	Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico. Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.
Elaboración coordinada do POL e as DOT.	MEMORIA POL.	MEMORIA POL Inclúe ISA.
Alcance do POL.	Título V. NORMATIVA.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico. Título V. NORMATIVA.
Fixación de criterios, principios e normas xerais respecto aos plans sectoriais (supramunicipais) e urbanísticos aprobados posteriormente ao POL e que afecten a ámbitos ordenados polo POL.	Título V. NORMATIVA. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.	Título IV. MODELO. Título V. NORMATIVA. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.
Inclusión de medidas que permitan a ampliación de figuras de protección (Rede Natura, Catálogo galego de especies ameazadas) e as medidas de reposición da legalidade urbanística e ecosistemas danados.	Título V. NORMATIVA. Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.	Título II. PAISAXE. Capítulo 3. A caracterización da paisaxe. Título V. NORMATIVA. Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA. Cartografía de usos e elementos de valoración e cartografía de modelo.
Precisar as accións que hai que desenvolver nos NIL e espazos de interese recoñecidos no POL.	Título V. NORMATIVA. Título VII. ANEXOS. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.	Título II. PAISAXE. Capítulo 3. Caracterización da paisaxe. Título V. NORMATIVA. Título VII. ANEXOS. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.
Precisar con rigor os límites e ámbitos de expansión dos corredores litorais en relación cos solos urbanos e de núcleo rural.	DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.	Título II. PAISAXE. Capítulo 3. A caracterización da paisaxe. Título V. NORMATIVA. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.
Desenvolvemento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.	Título III. A PAISAXE. UPAI.	Título III. A PAISAXE. UPAI.
Análise xurídica.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico.	Título I. METODOLOXÍA. Capítulo 1. Marco xurídico. Título VII. ANEXOS. Anexo 4. Marco xurídico.
Fomento da formación no ámbito técnico (xestión e planificación) e das administracións locais.	Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.	Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.
Elaboración dun modelo territorial sostible (que evite a dispersión) e de cohesión social.	Título IV. MODELO.	Título IV. MODELO.
Asegurar a protección dos valores ecolóxicos.	Título V. NORMATIVA. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.	Título II. PAISAXE. Capítulo 3. A caracterización da paisaxe. Título IV. MODELO. Título V. NORMATIVA. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA.

Sen ningunha dúbida o apoio dos grupos políticos ao documento e o seu paso polo parlamento supón un fito na elaboración dun instrumento desta natureza.

O esforzo en transmitir o modelo territorial, así como as análises e traballos realizados para a elaboración do presente documento, darán os seus froitos se achegamos á sociedade a necesidade de avanzar cara a unha gobernanza participativa e integradora do territorio.

#### 4.3.6. Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

O día 21 de maio de 2010 presentouse o Plan de ordenación do litoral ao órgano consultivo ambiental de Galicia, o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A composición deste órgano vén regulada polo Decreto 387/2009, do 24 de setembro, polo que se modifica o Decreto 74/2006 e inclúe tanto a responsables directivos da Xunta de Galicia como a representantes da sociedade civil, entre os que figuran a Confederación de empresarios, organizacións sindicais, de carácter ambiental, sociais e profesionais agrarias, a Federación Galega de confrarías de pescadores, as universidades e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

O documento foi presentado con carácter previo á aprobación inicial co ánimo de favorecer a súa comprensión e divulgación de cara ao proceso de participación pública e consultas, considerando que a opinión deste Consello é fundamental para un Plan que se formula baixo perspectiva da sostibilidade.

#### 4.3.7. Mesa de Diálogo Social

Amais das anteriores iniciativas de comunicación, divulgación e procura de consenso, o Plan de ordenación do litoral foi presentado na Mesa 3 de Infraestruturas e Medio Ambiente do Diálogo social en Galicia, na que participan a Confederación de Empresarios (CEG), as organizacións sindicais de UGT-Galicia e CCOO, así como representantes directivos da Xunta de Galicia. O resultado foi o acordo respecto aos principios inspiradores deste Plan de ordenación do litoral e a constitución dunha comisión do seu seguimento.

#### 4.3.8. Conclusións

A elevada participación da cidadanía e dos colectivos con implicación no territorio pon de manifesto o interese e a necesidade de propiciar un modelo de desenvolvemento sostible para o litoral de Galicia.

Do mesmo xeito, confirma que é necesario o cofecemento do documento para a súa valoración e aplicación. Polo tanto, en fases posteriores de tramitación do POL será necesario seguir incorporando este tipo de mecanismos e canles participativas para a atender as propostas da cidadanía e organismos afectados.



*Panorámica litoral del municipio de Cedeira*





Panorámica da ponte de Rande. Ría de Vigo

## 5. PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

### 5.1. CONTEXTO

O día 30 de xullo de 2010 publicábase no Diario Oficial de Galicia a Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se aproba inicialmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL), se procede á apertura do trámite de información pública e se adoptan medidas preventivos. Tras esta publicación do POL iniciouse o período de participación pública e consultas durante un período de 2 meses a partir do 31 de xullo de 2010. Así, o Plan de ordenación do litoral, incluíndo o seu Informe de Sostibilidade ambiental, someteuse ao proceso de participación pública e consultas regulado pola Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre os efectos de determinados plans e programas sobre o medio.

O anuncio da súa aprobación inicial e do inicio do período de participación pública e consultas realizouse, ademais de no DOG referido anteriormente, no Boletín Oficial do Estado (BOE) e nos xornais *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* e *el Correo Gallego* o mesmo día 30 de xullo de 2010.

Por outra banda, o documento aprobado inicialmente foi remitido para consulta ás administracións públicas e ao público interesado que o solicitaron no Documento de referencia emitido polo órgano ambiental, ao que se engadiron outros que a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe estimou oportunos.

Así mesmo, esta versión inicial do POL estivo e está posta a disposición do público en xeral dende o mesmo día 30 de xullo de 2010 no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na dirección <http://www.xunta.es/litoral>.

### 5.2. RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E AS CONSULTAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO PLAN

Durante o tempo en que a aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral estivo exposta ao público tras a aprobación inicial, recibíronse un total de 4.609 escritos con alegacións e 14 informes de departamentos autonómicos e estatais.

Realizouse un tratamento diferenciado das alegacións e informes, analizándose a continuación de forma independente.

## ALEGACIÓNS

A distribución entre os distintos tipos de alegantes das 4.609 respostas recibidas móstrase na seguinte táboa, na cal se evidencia o significativo predominio das alegacións recibidas de particulares.

A primeira fase da análise das 4.609 alegacións mostrou que só algo menos do 20% se correspondían con alegacións totalmente diferentes.

TIPOS DE ALEGACIÓNS				
Tipo de alegante	Diferentes	Similares a outras	Idénticas a outras	Total
Concello	59	1	1	61
Organización	76	5	368	449
Empresa	125	13	9	147
Particular	629	101	3.222	3952
<b>Total</b>	<b>889</b>	<b>120</b>	<b>3.600</b>	<b>4.609</b>




Gráfico 1: Distribución das alegacións diferentes e similares segundo o tipo de alegante

A segunda fase da análise destas alegacións supuxo o estudo de case 3.700 apartados ou cuestións diferentes nos que se puido analizar o contido das alegacións.

Para o estudo e análise destas alegacións procedeuse á súa agrupación e caracterización nunha serie de tipos de alegacións (preto de 85), os cales á súa vez englobáronse nos grupos de Legalidade, Modelo (Compresión e Aspectos pormenorizados) e Aplicación (Compresión, Aspectos pormenorizados e Información).

A distribución xeral das cuestións nestes grupos foi a seguinte:




Gráfico 2: Distribución de puntos de alegacións nos grandes grupos

Esta clasificación, ademais, ten a súa repercusión sobre o sentido da estimación ou resposta para cada un dos tipos, como se pode observar na seguinte descrición e síntese de cada grupo así como dos resultados e a súa integración.

## 1. Legalidade (L)

Por unha parte atópanse aquelas alegacións que cuestionan determinados aspectos que se denominaron de legalidade do POL. Fundamentalmente teñen que ver coa súa natureza, a relación coas DOT, o alcance, os obxectivos e funcións, a documentación e o seu ámbito, así como a prevalencia do POL fronte ao plan municipal, todos eles aspectos xa aclarados tras o trámite previo de audiencia e extensamente documentados no Capítulo 1. Marco xurídico do Título I. Metodoloxía de elaboración do Plan de Ordenación do Litoral do Documento de aprobación inicial.

Inclúense neste grupo, do mesmo modo, unha serie de cuestións alleas ao POL, como son a petición por parte dos interesados de que o plan se pronuncie sobre aspectos tales como a servidume de protección de costas, recolla determinadas clasificacións ou cualificacións de solo non incorporadas ao plan vixente ou altere os ámbitos dos espazos naturais protexidos, entre outros.

Para finalizar, atópanse tamén neste grupo aquelas alegacións que cuestionan aspectos ligados á súa tramitación en relación co procedemento de EAE, a orde de suspensión ou o período de participación ou información pública.

A continuación móstrase o detalle dos distintos tipos de alegacións incluídas neste grupo e o sentido da súa integración no Plan.

1_L. Tipos de alegacións	Ya incluído o non procede
EAE	2
Acordo do consello da Xunta	1
Ámbito	239
Aplicación	24
Cualificación urbanística	9
Cambios substanciais	3
Clasificación de suelo	224
Documento. Contido dos PTI	14
Documento. Natureza	12
DOT <i>versus</i> POL	43
Eficacia. Prevalencia do POL fronte ao Plan Municipal	3
Espazos naturais	18
Estudo económico. Carencia	157
LOUGA <i>versus</i> Art. 97	10
Obxectivos e funcións do POL	52
Orde de suspensión-Requirimento de anulación	11
Participación e información pública	15
POL. Denominación	2
Responsabilidade patrimonial	29
Retirada do POL	37
Servidume DPMT	28
Vulneración da autonomía municipal	175
<b>Total</b>	<b>1.108</b>

Todo este grupo de alegacións consideráronse como xa incluídas ou improcedentes, posto que dende o punto de vista xurídico non se achega motivación abonda para desviarse da interpretación seguida ata a data na elaboración do documento dando cumprimento ao mandato legal establecido na Lei 6/2007.



Gráfico 3: Balance de integración do grupo Legalidade

## 2. Modelo (M)

Incorpóranse neste grupo o conxunto de alegacións que indican cuestións en relación á interpretación do modelo territorial do POL. Para iso dividíronse en:

**2.1. Modelo. Comprensión (MC).** Inclúense neste conxunto os tipos relativos á comprensión do alcance das series cartográficas, especialmente as de Modelo Territorial, a posibilidade de axustar os corredores baseándose en estudos pormenorizados e proposta e tratamento integral polo plan urbanístico, a delimitación dos ámbitos de recualificación, as determinacións nas distintas áreas continuas e discontinuas do POL, especialmente a de Mellora Ambiental, ou o tratamento das infraestruturas, entre outros.

A gran maioría das contestacións destas alegacións supón unha reiteración das cuestións contidas na memoria do documento, fundamentalmente no Capítulo 1. Modelo do Título IV. Modelo de Xestión, considerándoas como xa incluídas ou improcedentes.

Tamén se incorporan neste grupo o conxunto de alegacións que cuestionan o modelo do POL. É curioso neste sentido verificar como aquelas que defenden formulacións que se poderían denominar “municipalistas”, esixen que o POL se realice incorporando os plans vixentes, ata aquelas que están en tramitación xunto co plan sectorial sen que este sufra alteración ningunha, e aquelas que defenden formulacións conservacionistas esixindo a protección absoluta sen posibilidade edificatoria ningunha de grandes espazos contemplados no ámbito.

Trátase de cuestións non xa de legalidade, senón de oportunidade, de modelo, de gobernanza do territorio. O POL realízase dende formulacións integradoras da conservación e valorización dos espazos e elementos identitarios do litoral de Galicia co obxectivo de alcanzar un modelo de desenvolvemento sostible baseado en criterios de perdurabilidade e sostibilidade. Por todos eles se entenderon improcedentes este conxunto de alegacións.

Quizais unha das cuestións máis debatidas foi a interpretación dos ámbitos excluídos da aplicación do POL, así como o seu réxime transitorio. De novo a maioría destas alegacións solicita que o POL non sexa de aplicación a máis ámbitos e que o plan municipal non teña que adaptarse. Como é lóxico o POL xorde coa vontade de servir como ferramenta efectiva de protección e ordenación do territorio do litoral e nese sentido desestimáronse ou consideráronse improcedentes este conxunto de alegacións.

Non obstante, estas alegacións serviron para clarificar o texto Normativo, sen alterar o seu alcance, co obxectivo de facilitar a súa interpretación. Este é o motivo polo cal se estimaron parcialmente algunhas destas cuestións, aquelas que achegan criterios para mellorar a interpretación do texto.



A continuación móstrase o detalle dos distintos tipos de alegacións incluídas neste grupo e o sentido da súa integración do Plan.

2_1_MC. Tipos de alegacións	Desestimada	Xa incluído ou non procede	Estimada total ou parcialmente	Total
Ámbito de recualificación. Delimitar ou identificar		22	1	23
Cartografía. Dixitalizar elementos que non son do modelo		5		5
Cartografía. Interpretación series	5	44		49
Corredores. Axuste a normativa sectorial de augas	43			43
Corredores. Xenérica	138	12		150
Disp. transitoria 1ª	130		1	131
Mellora ambiental		50		150
Modelo de ordenación (metodoloxía)		178		178
Outros aspectos		8	1	9
Plans e proxectos sectoriais		14		14
Proteccións. Aumentar		66	2	68
PXOM en trámite	35			35
PXOM. Axuste do POL ao plan vixente	18			18
Sistema de asentamentos	51	7	28	86
Sistemas Xerais Territoriais. Infraestruturas		4		4
<b>Total</b>	<b>420</b>	<b>410</b>	<b>33</b>	<b>863</b>
<b>Porcentaxe</b>	<b>48,7%</b>	<b>47,5</b>	<b>3,8%</b>	

**2.2. Aspectos pormenorizados do Modelo (MP).** A gran maioría deles propoñen eliminar ou incluír espazos concretos nalgunha das Áreas continuas ou descontinuas do POL, alterar a caracterización do sistema de asentamentos, ou das praias, incluír ou excluír núcleos de identidade do litoral, alterar ou suprimir a liña de dinámica litoral. Este subconxunto de alegacións abrangue polo tanto alegacións que foron estimadas e outras que foron desestimadas.

Tamén se incorporan neste conxunto de alegacións aquelas que manifestan dúbidas sobre a delimitación das unidades de paisaxe, o seu alcance e a interpretación dos seus contidos. Tamén aquelas que solicitan que non se esixan informes de Estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP).

A xestión da paisaxe incorporouse de xeito recente á lexislación galega, mediante a lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe. Moitos dos conceptos e metodoloxías relativos a esta nova disciplina parecen aínda afastados para boa parte da cidadanía. O POL incorpora a paisaxe como ferramenta de análise e proxecto e supón un punto de partida para a elaboración dos Catálogos e Directrices de paisaxe litoral en desenvolvemento da citada lei. Nese sentido entendéronse improcedentes este conxunto de alegacións.

2_2_MP. Aspectos pormenorizados	Desestimada	Xa incluído ou non procede	Estimada total ou parcialmente	Total
Ámbito de recualificación. Eliminar	33		4	37
Bosques	7	15	12	34
Corredores. Pola súa falta de coherencia, precisión e función	52		35	87
Desenvolvementos urbanísticos. Área de ordenación		2	2	4
Espazos de interese	47	29	32	108
Grao de compatibilidade. Cambiar	64	4	5	73
Liña dinámica litoral	38	6	116	160
MAP. Cambio a ordenación	284		6	290
NIL. Núcleos de identidade do litoral	97	2	12	111
Patrimonio	5		3	8
Protección costeira. Eliminar	163	3		166
Protección intermareal	10			10
Unidade de paisaxe. Delimitación		14		14
<b>Total</b>	<b>801</b>	<b>75</b>	<b>227</b>	<b>1.102</b>
<b>Porcentaxe</b>	<b>72,6%</b>	<b>6,8%</b>	<b>20,6%</b>	




Gráfico 4: Balance de integración do grupo Modelo

### 3. Aplicación (G)

Incorpóranse neste grupo o conxunto de alegacións con cuestións en relación á aplicación do modelo territorial do POL. Para iso dividíronse entre aquelas:

**3.1. Aplicación. Comprensión (GC)**, relativas ás cuestións de comprensión ligadas ao desenvolvemento e xestión do POL, tales como a legalidade das actuacións previas, o tratamento das edificacións existentes, o desenvolvemento dos núcleos, os desenvolvementos urbanísticos, a precisión e escala ou a distinta zonificación establecida e a regulación de usos, entre outros.

Ao tratarse de cuestións de interpretación ou de comprensión sobre como se aplican as determinacións do POL, a maioría das alegacións limitáronse a informar ou aclarar estes aspectos sen que resulte procedente a estimación ou a desestimación. Tan só se desestimaron aquelas que defendían unha interpretación afastada das determinacións do POL.

3_1_GC. Aplicación. Comprensión	Desestimada	Xa incluído ou non procede	Estimada total ou parcialmente	Total
Actuacións previas. Legalidade		6		6
Desenvolvemento dos núcleos		15		15
Desenvolvementos residenciais illados		128		128
Desenvolvementos urbanísticos. Directrices e normas xerais		3		3
Disp. transitoria 1ª en municipios sen Plan		4		4
Edificacións existentes		59		59
Fichas das unidades de paisaxe. Alcance e interpretación		4		4
POL. Mecanismos para a súa aplicación		7		7
Precisión e escala	4	5		9
Usos <i>versus</i> desenvolvementos. Regulación			19	19
Zonas verdes. Equidistribución		3		3
Zonificación e usos	38	16		54
<b>Total</b>	<b>42</b>	<b>250</b>	<b>19</b>	<b>311</b>
<b>Porcentaxe</b>	<b>15,5</b>	<b>80,4%</b>	<b>6,1%</b>	

**3.2. Aspectos pormenorizados da xestión (GP)**. Trátase de cuestións ligadas á actualización da cartografía, a coordinación e colaboración administrativa, os prazos para os desenvolvementos urbanísticos en función do estado e natureza do plan precedente, a incorporación ou exclusión de determinados usos nas distintas áreas continuas e descontinuas do POL, o tratamento da senda, a regulación dos indicadores contidos no ISA, o cambio do grao de compatibilidade, a inclusión dunha listaxe exhaustiva dos graos así como cuestións concretas do articulado.

Todas estas alegacións estudáronse e estimáronse ou desestimáronse en función de coherencia cos obxectivos propostos e as análises realizadas. É o conxunto de alegacións, xunto coas relativas á posta en disposición de nova información, que supuxo máis cambios no documento. Trátase de cuestións puntuais, que non alteran o contido do documento, aínda que o melloran no sentido de facilitar a súa aplicación.

3_2_GP. Aplicación. Aspectos pormenorizados	Desestimada	Xa incluído ou non procede	Estimada total ou parcialmente	Total
Adaptación ao POL dos solos	4			4
Cartografía. Actualización			12	12
Coordinación e colaboración interadministrativa		4		4
Desenvolvo urbanísticos. Prazos	3			3
Disp. adicional 3 Ence	3	1	1	5
Educación ambiental			3	3
Grao 4 con Plan de sectorización elaborado	4			4
Grao compatibilidade. Relación exhaustiva			6	6
Incorporación/Exclusión de usos	18	21	2	41
Informe sectorial de paisaxe no procedemento de autorización de usos	6			6
Seguimento			2	2
Mellora ambiental. Artigos 36 e 63			5	5
Orde de suspensión <i>versus</i> normativa		26		26
Praias. Clasificación	9			9
Sendas			5	5
Silencio do informe			5	5
<b>Total</b>	<b>47</b>	<b>52</b>	<b>41</b>	<b>140</b>
<b>Porcentaje</b>	<b>33,6%</b>	<b>37,16%</b>	<b>29,3%</b>	



**3.3. Aplicación. Información (I).** Este conxunto denominado Información recolle todas aquelas alegacións que incorporan documentación para facilitar a aplicación e xestión do POL, tanto sobre a súa cartografía, como o texto, o estado do plan urbanístico ou a toponimia. Todas elas analizáronse e contrastáronse coas fontes dispoñibles procedendo á súa estimación ou desestimación en función da súa adecuación aos criterios e metodoloxía empregada.

O resultado deste contraste de información achega unha maior fiabilidade ao documento, ao mesmo tempo que puxo de manifesto que as canles de participación abertas para o proceso de participación pública foron suficientes.

3.3_GI_Aplicación. Información	Desestimada	Xa incluído ou non procede	Estimada total ou parcialmente	Total
Erros. Cartografía		24	70	94
Erros. Documento texto		3	9	12
Erros. Urbanismo	7	7	23	37
Toponimia		7	21	28
<b>Total</b>	<b>7</b>	<b>41</b>	<b>122</b>	<b>171</b>
<b>Porcentaxe</b>	<b>4,1%</b>	<b>24,0%</b>	<b>71,9%</b>	




Gráfico 5: Balance de integración do grupo Aplicación

A xeito de resumo, o balance da integración das cuestións analizadas nas alegacións foi o seguinte:

Tipo de consideración	N.º de puntos ou cuestións
Desestimada	1.316
Xa se acha incluído ou non procede	1.936
Estimada total ou parcialmente	443
<b>Total</b>	<b>3.695</b>




Gráfico 6: Balance de integración dos puntos ou cuestións

Como se pode apreciar, o 52% das cuestións solicitadas xa se atopaban incluídas e xustificadas no documento aprobado inicialmente ou ben correspóndense con aspectos ou cuestións dos que segundo a lexislación vixente non resulta apropiada a súa formulación.

Algo máis do 35% correspóndense con cuestións que foron desestimadas por non ser acordes coa metodoloxía empregada de análise e valoración ou ben coas propias propostas do modelo territorial que se está a formular co Plan de ordenación do litoral ou non achegaban argumentos dabondo.

O 12% restante dos puntos analizados foron integrados total ou parcialmente no POL.

Así, pódese afirmar que o trámite de participación pública do POL serviu para reforzar a súa motivación e o seu contido, dotando de seguridade xurídica a súa tramitación. É importante destacar que a metodoloxía e o modelo do documento non sufriron cambio ningún coa integración das cuestións estimadas. Tal feito pode constatarase ao observar o conxunto e tipos de alegacións identificadas.

Así, no grupo de legalidade (natureza do documento, relación coas DOT, contidos, denominación, ámbito, aplicación, cualificación e clasificación urbanística, espazos naturais, responsabilidade patrimonial ou vulneración da autonomía municipal, entre outros) as contestacións ás alegacións consistiron en reiterar os argumentos xa indicados no documento de aprobación inicial, non recibíndose motivación nin fundamentación ningunha que puxese de manifesto a necesidade dun cambio no marco xurídico.

Cuestión análoga é a referida aos aspectos do modelo de ordenación (metodolóxicos). Nestes casos as alegacións serviron para identificar aqueles aspectos do documento que ofrecen maiores dificultades de interpretación (as series cartográficas, o modelo territorial proposto, a área de Mellora Ambiental e Paisaxística, o tratamento dos corredores, a relación co plan vixente e o plan en trámite, entre outros), para así proceder a clarificalas no documento para a aprobación provisional.

Do mesmo modo o proceso de participación pública serviu para clarificar e adecuar o modelo de aplicación mediante a matización de aspectos concretos da normativa (ámbitos de aplicación, series cartográficas, usos, a área de agregado urbano, os desenvolvementos urbanísticos, a relación co plan vixente, o grao de compatibilidade e o réxime transitorio, entre outros) á vista das distintas interpretacións desta recibidas. O resultado é pois un documento que presenta maior seguridade xurídica e que acouta as interpretacións posibles, despexa as dúbidas existentes, facilitando a comprensión e aplicación do documento, achegándoo á cidadanía.

Por último é importante resaltar que o intenso proceso de participación pública, así como os medios técnicos e tecnolóxicos dispostos para tal fin, permitiron emendar erros na cartografía, actualizar o estado de desenvolvemento do plan urbanístico e axustar a información sobre os usos do solo e a toponimia. Como resultado de todo iso producíronse pequenos cambios no documento que deben interpretarse como unha actualización deste, non alterando o réxime de proteccións previsto.

Este proceso serviu, en definitiva, para favorecer as canles de comunicación, do cal se desprende que é necesario incentivar todas aquelas canles que favorezan o acceso ao coñecemento do documento e ao seu modelo.



Illas Estelas. Municipio de Nigrán

Se se realiza a análise das cuestións alegadas entendendo como unha unidade os escritos presentados por cada alegante (considerando os que son diferentes ou similares), o resumo do balance da súa integración é o seguinte:

Tipo de consideración	Nº de escritos recibidos
Totalmente desestimada	182
Desestimada/Xa incluído	251
Xa se acha incluído ou non procede	251
Total o parcialmente estimada	325
<b>Total</b>	<b>1.009</b>




Gráfico 7: Balance de integración dos escritos ou alegaciones

### Informes

No período de participación pública e consultas foron recibidos 13 informes de departamentos autonómicos e estatais.

Estes foron os seguintes:

TIPO INFORMANTE	DEPARTAMENTO INFORMANTE
Estado	MINISTERIO DE FOMENTO Dirección xeral de infraestruturas ferroviarias Subdirección xeral de planificación e proxectos
Estado	ADIF
Estado	MINISTERIO DE FOMENTO Dirección xeral de aviación civil
Estado	AENA
Estado	MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO Secretaría de estado de telecomunicacións e sociedade de información
Estado	AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA
Estado	AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA
Xunta de Galicia	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural
Xunta de Galicia	CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños
Xunta de Galicia	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO Secretaría Xeral de Turismo
Xunta de Galicia	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA
Xunta de Galicia	CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Xunta de Galicia	CONSELLERÍA DE FACENDA Dirección Xeral de Tributos

Respecto á integración no documento dos informes recibidos, esta traduciuse principalmente na incorporación na normativa e na cartografía de cuestións relacionadas coas servidumes aeronáuticas e as ferroviarias.

Por outra parte, o Capítulo III. Turismo do Título III foi mellorado atendendo ás cuestións achegadas pola Secretaría Xeral de Turismo.





